



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de marzo de 2021 (984/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaioito de marzo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(190).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 12 de marzo de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(191).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN E INCIDENCIAS EN RELACIÓN CO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2020-2021”. EXPTE. 197177/301.

Visto o informe de fiscalización do 11/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 19/02/2021, asinado pola diplomada en Traballo Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto do Servizo, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 21.05.2020, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2020-2021», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 197177/301).

I.2. O Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do Concello de Vigo desenvólvese desde hai máis de trinta anos, observándose un incremento tanto na demanda como no orzamento destinado. Está dirixido ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2020 consignárase, na aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “Becas libros, comedor”), un crédito por importe de 1.205.000€ destinado, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades.

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 102, do 29.05.2020 e o extracto da convocatoria no BOP nº 120 do 25.06.2020.

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse 1.716 para axudas de libros e material escolar e 3.846 para bolsas de comedor, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 29.09.2020).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 16.10.2020 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Reintegro de cantidades polas entidades colaboradoras – consideración de aboamentos a conta con cargo á presente resolución:

1.1. De conformidade co disposto na normativa reguladora das subvencións públicas (Arts. 36 e ss. LXS e 32 e ss. da LSG) e, especificamente, nos convenios de colaboración asinados co Concello de Vigo (Cláusula cuarta: “Obrigas da entidade colaboradora”), declarar a procedencia do reintegro polas entidades colaboradoras (centros educativos) das cantidades que quedaron sen executar no curso 2019-2020, a partir de mediados do mes de marzo



Concello de Vigo

de 2020 e que se relacionan en ANEXO, por causa da suspensión das actividades docentes e dos comedores escolares derivada da situación excepcional de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.

1.2. Con todo, por razóns de operatividade e eficiencia administrativa e tendo en conta que durante este exercicio orzamentario de 2020 debe realizarse o aboamento correspondente ó 40% do importe da resolución da actual convocatoria de axudas, consideraranse ditas cantidades por reintegrar como aboamentos a conta da resolución de outorgamento de subvencións a comedores escolares para o curso 2020-2021, pagándose ós centros educativos a diferenza entre os importes que terían que reintegrar e a cantidade correspondente ó 40% para cada centro da actual convocatoria 2020-2021.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2020-2021:

2.1. **CONCEDER** as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.181 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e Base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 100.385,00€ financiaráse con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 - RC 202000030038 (110.000,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605711003670 e remata co núm. 3605716004333.

2.2. **DENEGAR** as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 535 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605704000421 e remata co núm. 3605704004706, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2020-2021:

3.1. **CONCEDER** axudas municipais de comedor a 3.030 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e Base 6ª), que se pagarán no 2020 con cargo ás cantidades pendentes de reintegro do curso 2019-2020 que terán a condición de aboamentos a conta (206.080,02€) e 261.751,68€ con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2310.481000, RC 202000030039 (366.131,20€).

O gasto de 701.748,00€ para axudas de comedor en 2021 (xaneiro-xuño) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202000030066 (728.868,80€).

3.2 **DENEGAR** as axudas municipais de comedor ás/ós 816 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente núm. 3605706004601 e remata co nº 3605704004706, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

CUARTO: Para o caso de que durante o curso escolar 2020-2021 se producise unha situación semellante á padecida no 2019-2020 por causa da COVID-19 que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-"Becas, libros, comedor").

QUINTO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no "Portal da Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS.

SEXTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición, co contido que será obxecto de análise neste informe.

I.9. Ademais, con ocasión da comprobación de oficio realizada, detectouse un erro na informatización de varias solicitudes (11 en total) que deu lugar á incorrecta desestimación das mesmas; cuestión que tamén será abordada na proposta de acordo que se somete á consideración da XGL.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).



Concello de Vigo

- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2020, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración, esta propón:

- Desestimar expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 34970551V (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36131577A (nº 23), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos.
- Estimar os relacionados no ANEXO II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53178797Z (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53173670Q (nº 15), polas razóns que en cada caso se indican.

- Modificar o acordo da XGL do 16.10.2020 para incluír dentro das estimadas as 11 solicitudes relacionadas agora no Anexo III que, por un erro material na súa informatización, foron inicialmente desestimadas.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2020 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2020-2021» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta.

O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 34970551V (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36131577A (nº 23).

ANEXO I – RECURSOS DESESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN
1	34970551V	200242306	g)
2	Y5169886Y	200206410	g)
3	77408930S	200201381	g)
4	36065047N	200201320	g)
5	Y4718511Y	200200532	g)
6	15793159Z	200199631	g)
7	36143272Z	200197995	g)
8	36153088D	200197562	g)
9	36156406S	200191062	g)
10	36168333M	200189637	g)
11	36164953Y	200189670	a)
12	35572780Z	200195625	g)
13	36150249E	200193694	g)
14	72705696M	200195554	d)
15	53173770R	200189721	a)



Concello de Vigo

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN
16	36166398W	200196256	g)
17	53975314H	200244308	e)
18	76730048R	200245204	g)
19	53172403Z	200258629	g)
20	52857939Y	200256150	g)
21	Y7659981Y	200256810	d)
22	36169490N	200261800	d)
23	36131577A	200122464	g)

Requisito incumprido (Base 6ª):

(a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo.

(d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

(e) Que a solicitude e o resto da documentación necesaria estea presentada durante os prazos estipulados

(g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53178797Z (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53173670Q (nº 15). O gasto que comportaría a estimación destes recursos financíase con cargo ás baixas producidas neste Programa de axudas, polo que non supón incremento do mesmo.

ANEXO II – RECURSOS ESTIMADOS

Nº	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
1	53178797Z	200235207	12/11/20	1	85,00 €	0,00 €
2	53174818Z	200204451	09/11/20	1	0,00 €	82,00 €
3	09041434L	200199891	02/11/20	2	0,00 €	41,00 €
4	54921559C	200199329	02/11/20	1	0,00 €	41,00 €
5	36135820Z	200198419	30/10/20	4	0,00 €	41,00 €
6	53180646T	200189619	19/10/20	1	85,00 €	41,00 €
7	118051457	200195405	27/10/20	1	85,00 €	41,00 €
8	36116100M	200189999	19/10/20	4	0,00 €	82,00 €
9	Y3987359R	210017546	03/02/21	1	0,00 €	82,00 €
10	36171234P	210010200	22/01/21	1	85,00 €	82,00 €

Nº	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
11	36170860W	200247378	20/11/20	1	0,00 €	41,00 €
12	Y3761995Z	200206388	11/11/20	1	85,00 €	41,00 €
13	36092346X	200260685	11/12/20	1	0,00 €	82,00 €
14	36073734M	200274636	24/12/20	1	0,00 €	82,00 €
15	53173670Q	210014776	29/01/21	4	0,00 €	41,00 €
TOTAL					425,00€	820,00€

Códigos:

(1): Corrección de erro material.

(2): Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

(4): Deterioro situación económica.

TERCEIRO: Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2020 para incluír, dentro dos respectivos Anexos de solicitudes estimadas (axudas de libros e material escolar / axudas de comedor) as que a seguir se relacionan, que por un erro material na súa informatización foron inicialmente desestimadas. Esta relación (Anexo III) comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36118536A (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36146794V (nº 11). A estimación destas solicitudes tampouco suporá incremento do gasto, xa que este financiase tamén con cargo ás baixas producidas no Programa durante a súa execución.

ANEXO III – SOLICITUDES ESTIMADAS

Nº	DNI	NÚMERO	DATA	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
1	36118536A	200113440	36/06/20	85,00 €	0,00 €
2	05727781E	200124305	10/07/20	85,00 €	0,00 €
3	53170547K	200115747	30/06/20	85,00 €	0,00 €
4	36141912B	200125974	14/07/20	0,00 €	41,00 €
5	36132403R	200116500	01/07/20	0,00 €	41,00 €
6	36106504T	200132849	22/07/20	0,00 €	41,00 €
7	36122198P	200122810	09/07/20	85,00 €	0,00 €
8	54660700G	200114952	29/06/20	85,00 €	0,00 €
9	77005413X	200130913	20/07/20	85,00 €	0,00 €
10	53172430H	200121177	16/10/20	85,00 €	0,00 €
11	36146794V	200117758	02/07/20	85,00 €	0,00 €
TOTAL				680,00 €	123,00€



Concello de Vigo

CUARTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo.

QUINTO: Notificar tamén o presente acordo ás persoas solicitantes relacionadas no Anexo III, ás que se lles recoñece o dereito a obter as axudas escolares demandadas, indicándolles que o mesmo pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(192).- ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE USO PRIVATIVO DE CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PEREIRÓ. EXPTE. 12346/255.

Dáse conta do informe-proposta do 11/03/2021, asinado polo encargado do Servizo de Cemiterios, polo xefe do Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

I.1.- O Concello de Vigo, Servizo de Cemiterios ven adxudicando as concesións administrativas de uso privativo de cinceiros nos cemiterios municipais segundo rigoroso orde de entrada da petición do particular no Rexistro do Concello de Vigo.

I.2. Debido a grande cantidade de peticións de cinceiros, acometeuse a construción de 108 unidades no cemiterio municipal de Pereiró (expte. 11149/255). Os cinceiros, depósitos para restos cadavéricos, posúen as dimensións interiores de 0,80m x 0,80m x 0,80m establecidas como mínimas no artigo 27.3. do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.

I.3. Executada a construción dos cinceiros, para réxime de concesión, procede continuar cos trámites para súa adxudicación segundo estrito orde de entrada das peticións dos particulares no Rexistro Xeral Municipal.

II.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL) e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade (LXS), Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSG), Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e restantes normas de concordante aplicación.

III.- Fundamentos de dereito:

III.1.- Os artigos 25.2.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL); 42.3.e) da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade e 80.3.f) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establecen a competencia municipal en materia de cemiterios, actividade funeraria e policía sanitaria mortuoria. Neste senso, o Concello de Vigo é titular dos cemiterios de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns.

III.2.- Os cemiterios municipais son bens de dominio público municipal, destinados ó servizo público de cemiterios. O Servizo de Cemiterios acometeu a construción de 108 unidades de cinceiros, no cemiterio municipal de Pereiró (expte. 11149/255), para o seu uso privativo en réxime de concesión administrativa, mantendo, en todo momento, o uso de cinceiro, depósitos para restos cadavéricos, que se encadra dentro do uso xeral do cemiterio municipal.

III.3.- Os artigos 2.2 e 4 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e arts. 78 e 80 establecen que o uso privativo dos bens de dominio público estarán suxeitos a concesión administrativa. Asemade, a concesión incluírá, como mínimo, as cláusulas prevista no artigo 80 da dita norma, en especial, establece a obrigaón de manter en bo estado a porción de dominio utilizado. Nos mesmos termos a vixente LPAP.

III.4.- Os art. 5.A.2 e 7 da vixente Ordenanza fiscal número 14 reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, establece que “a concesión de cinceiros por período de 50 anos, ten unha cota de 402,05 euros” e “os acordos de adxudicación desta concesións por cincuenta anos estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se produza o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo



Concello de Vigo

de un mes contado dende a finalización do prazo de pagamento que se fixa na notificación correspondente.

III.5.- A adxudicación das concesións de uso cinceiros realizarse seguindo o criterio xeral de antigüidade na petición segundo orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal tal e como se ven realizando nos últimos anos, ao tratarse dun uso que se encadra dentro da función de servizo público de cemiterios, e estar expresamente recollido este criterio de adxudicación no artigo 13 da vixente ordenanza fiscal reguladora do servizo antes citada. Á petición achegouse a autoliquidación por importe de 32 euros e certificado de empadramento no Concello de Vigo. Asemade, conforme ó establecido no artigo 8, apartados 7 e 8, as concesión de uso dos cinceiros serán intransmisibles intervivos por un período de 5 anos dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste municipio. En todo caso, a súa transmisión entenderase polo tempo que reste da devandita concesión.

III.6.- O réxime xurídico aplicable á concesión virá determinado:

- Polas condicións establecidas no outorgamento da concesión.
- Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das administracións públicas. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Pola lexislación en materia sanitaria. Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Polas Ordenanzas propias de cada entidade. Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Supletoriamente polas restantes normas do ordenamento xurídico.

III.7.- O órgano competente para o outorgamento das concesións é a Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 11, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Adxudicar ás persoas que a continuación se relacionan, seguindo o criterio xeral de antigüidade na petición segundo a orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a concesión administrativa de uso privativo do cinceiro que para cada un se expresa segundo emprazamento e número e nas condicións que se determinar neste acordo

CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PEREIRÓ

Nome e Apelidos	N.I.F	Número e Bloque	Expte. de referencia
BEATRIZ MÉNDEZ VARELA	***3536**	55 do bloque 38	9375/255
BEATRIZ FERREIRA TOBIO	***7445**	56 do bloque 38	9491/255
LUIS MANUEL MONTOTO PENELA	***3255**	57 do bloque 38	9824/255
MARTA ANALÍA BALADO CASTRO	***6508**	58 do bloque 38	9863/255
SARA RIVERA ALEN	***9606**	59 do bloque 38	9886/255
ENCINA CARBALLO JUAREZ	***2559**	60 do bloque 38	9887/255
TOMÁS DEL RÍO DEL RÍO	***0500**	61 do bloque 38	9890/255
MARTA CID GONZÁLEZ	***6983**	62 do bloque 38	9905/255
ANA BELÉN BUGARÍN EIRAS	***7130**	63 do bloque 38	9958/255
ANGEL MANUEL ESCOBERO OCA	***6935**	64 do bloque 38	9977/255
Mª DÉBORAH CASTRO ROCHA	***0923**	65 do bloque 38	9986/255
PEDRO JUAN NOZAL CANTARERO	***1087**	66 do bloque 38	10032/255
MANUEL EXPÓSITO MURIAS	***0118**	67 do bloque 38	10056/255
MARIA ISABEL PORTELA SANCHEZ	***6253**	68 do bloque 38	10068/255
ROSA PIÑEIRO SUAREZ	***7193**	69 do bloque 38	10071/255
FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ QUEIJA	***5024**	70 do bloque 38	10080/255
ANA MARÍA AYÁN BURILLO	***1980**	71 do bloque 38	10132/255
TERESA DO REIS DOMÍNGUEZ	***9580**	72 do bloque 38	10155/255
JOSE ALBERTO MARTÍNEZ PÉREZ	***0270**	73 do bloque 38	10162/255
JOSE ANTONIO RODRÍGUEZ ALONSO	***1657**	74 do bloque 38	10170/255
HORTENSIA RODRÍGUEZ FERNANDEZ	***5089**	75 do bloque 38	10183/255
ARMANDO DÍAZ VILA	***0738**	76 do bloque 38	10212/255
DEOLINDA DE JESÚS DE CASTRO DE CASTRO	***5390**	77 do bloque 38	10299/255
LUISA MEJÍAS SACALUGA	***0037**	78 do bloque 38	10330/255
MARÍA LUZ MONTES RODRÍGUEZ	***4902**	79 do bloque 38	10340/255



Concello de Vigo

Nome e Apelidos	N.I.F	Número e Bloque	Expte. de referencia
M ^a TERESA FERNÁNDEZ CARRIZO	***7721**	80 do bloque 38	10347/255
MARÍA IGNACIA FERNÁNDEZ PÉREZ	***3917**	81 do bloque 38	10373/255
ANTONIO VIDAL NEGREIRA	***7658**	82 do bloque 38	10382/255
BENJAMIN CORREA DASYLVA	***5878**	83 do bloque 38	10385/255
AIDA FERNÁNDEZ GÓMEZ	***1903**	84 do bloque 38	10387/255
ISIDRO MARCOS ROMERO	***2495**	85 do bloque 38	10403/255
MARÍA CARMEN GONZÁLEZ SAMANIEGO	***1930**	86 do bloque 38	10404/255
M ^a JOSÉ MÉNDEZ RIVERA	***6982**	87 do bloque 38	10437/255
ENRIQUE PÉREZ SOTELO	***8377**	88 do bloque 38	10444/255
MARÍA JOSÉ PAZOS VIDAL	***5422**	89 do bloque 38	10463/255
MARÍA CARMEN MARIÑO GONZÁLEZ	***1558**	90 do bloque 38	10487/255
OSVALDO GUTIERREZ PÉREZ	***7552**	91 do bloque 38	10490/255
DOLORES PENEDO MISA	***2844**	92 do bloque 38	10516/255
ISABEL HERNÁNDEZ BORGE	***4370**	93 do bloque 38	10539/255
XOAN CARLOS DAVILA GARRIDO	***4707**	94 do bloque 38	10544/255
LUIS COUCEIRO LAGO	***1639**	95 do bloque 38	10567/255
NURIA SERRANO CASTRO	***2845**	96 do bloque 38	10573/255
RAFAEL VERDUGO MATES	***6207**	97 do bloque 38	10612/255
AQUELMA DA COSTA CASSULA DOS SANTOS	***1163**	98 do bloque 38	10636/255
M ^a LUISA GALEGO DA TORRE	***0082**	99 do bloque 38	10660/255
RUBÉN GUSTAVO GUTIERREZ CASTRO	***9623**	100 do bloque 38	10665/255
M ^a PAZ GONZÁLEZ GIL	***5603**	101 do bloque 38	10666/255
CARLOS MARTÍN SALUDES	***2104**	102 do bloque 38	10667/255
CARMEN RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	***0616**	103 do bloque 38	10686/255
M ^a CRUZ GIMENEZ ROMERO	***8350**	104 do bloque 38	10688/255
JOSEFINA ACUÑA GONZÁLEZ	***3699**	105 do bloque 38	10697/255

Nome e Apelidos	N.I.F	Número e Bloque	Expte. de referencia
JOSEFA CASTRO MOUZO	***4396**	106 do bloque 38	10707/255
MARÍA AMPARO BARBERA GIMENO	***5976**	107 do bloque 38	10713/255
Mª JESÚS RIOBÓ GONZÁLEZ	***5239**	108 do bloque 38	10746/255

Adxudicacións de cinceiros que están dispoñendo os solicitantes en réxime de aluguer por seis anos, en substitución dos de nova construción.

Nome e Apelidos	N.I.F	Número e Bloque	Expte. de referencia
Mª DE LOS ÁNGELES MACHADO GALLEGRO	***1741**	12 do bloque 8	9850/255
MARIO COMESAÑA RAMILO	***0284**	279 da zona 4	10047/255
Mª GABRIELA BRAVO JASO	***5118**	239 da zona 4	10088/255
Mª DEL CARMEN FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	***0040**	213 da zona 4	10128/255
Mª DEL PILAR MANTEIGA VÁZQUEZ	***1737**	132 da zona 1ª	10229/255
IGNACIO VARELA MERA	***3884**	96 da zona 4	10413/255
Mª ISABEL AYUSO TORRES	***9803**	129 da zona 4	10627/255
Mª DOLORES RODRÍGUEZ REIJA	***5988**	6 do bloque 2	10635/255
JAVIER ALBERTOS BENAYAS	***1910**	2 do bloque 1	10714/255

SEGUNDO: As concesións administrativas outórganse por un prazo de cincuenta (50) anos contados a partir da data de ingreso da liquidación da taxa en período voluntario, debendo manterse, en todo momento, o uso de cinceiro, depósitos para restos cadavéricos, dentro do uso xeral que se encadra nos cemiterios municipais.

As concesións de uso dos cinceiros serán intransmisibles intervivos por un período de cinco (5) anos dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste municipio. En todo caso, a súa transmisión, ben sexa intervivos ou mortis causa, entenderase polo tempo que reste da devandita concesión.

TERCEIRO: Os acordos de adxudicación están condicionados ao pagamento das cantidades sinaladas no art. 5.A.2 da vixente Ordenanza fiscal número 14 reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se produza o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo de un mes contado dende a finalización do prazo de pagamento que se fixa na notificación correspondente.



Concello de Vigo

Efectuado o pagamento expedirásese o correspondente título acreditativo do dereito.

CUARTO: Os concesionarios teñen a obrigaçión de manter en bo estado a porción de dominio utilizado e de abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición da administración, dentro do prazo, os bens obxecto da utilización, e o recoñecemento da potestade da administración para acordar e executar por sí o lanzamento.

QUINTO.- O Concello de Vigo ten a facultade de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento do prazo, se o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante o resarcimento dos danos que se causaren ou sen el cando non procedere. Outórgase a concesión, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

SEXTO.- Ao abeiro do art. 100 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas as concesións demaniais extínguense pola caducidade por vencemento do prazo, sen prexuízo das demais causas previstas legalmente.

SÉTIMO.- As concesións administrativas que se outorgan réxense:

- Polas condicións establecidas no presente acordo.
- Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das administracións públicas. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Pola lexislación en materia sanitaria. Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Polas Ordenanzas propias de cada entidade. Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Supletoriamente polas restantes normas do ordenamento xurídico.

OITAVO: Notifíquese o presente acordo os interesados/as informándolles que contra éste, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(193).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á CONCESIÓN DO POSTO B18 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 6274/106.

Visto o informe xurídico de data 09/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 03/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 14/09/2009, acordou outorgar a M. Pilar Collazo Barreras, NIF ***9679>> a concesión de dominio sobor do posto denominado BP18 (B15), bancada de peixe do Mercado do Progreso.

2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 13/06/2018 a concesionaria comunicou a renuncia ao posto, doc. 180091357.

3.- Por escrito de data 07/03/19, doc. 190033712, a Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso comunica que ante a inactividade do posto e conforme a concesionaria non ten débedas pendentes coa Asociación, se lle ceda o mesmo.

4.- Con data 2/03/2021 a Tesourería municipal emite certificado conforme Dna. M. Pilar Collazo Barreras non ten débedas ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento a 21 de agosto de 2020, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

5.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato se formaliza en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).



Concello de Vigo

- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións lexisladas vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interese ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobre os postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobre os mesmos.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto BP18 (B15) bancada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non dá lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobre o posto BP18 (B15), ata data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“**PRIMEIRO.-** Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. M. Pilar Collazo Barreras por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/09/2009, e en consecuencia outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia BP18 (B15) bancada de peixe, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.*

Advertir que a renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio na data 14/09/2009, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

***SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos interesados Dna. M. Pilar Collazo Barreras e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(194).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á CONCESIÓN DO POSTO BP19 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 7124/106.

Visto o informe xurídico de data 09/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 03/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 14/09/2009, acordou outorgar a Estela Araujo Castro, NIF ***2013>> a concesión de dominio sobor do posto denominado BP19 (B37), bancada de peixe do Mercado do Progreso.

2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 26/06/2019, doc. 190098096, a concesionaria comunicou a renuncia ao posto con efectos dende o 01/07/2019.



Concello de Vigo

Por escrito de data 27/04/2020, (doc. Rex. 200051903), a Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso comunica que a concesionaria non ten débedas pendentes coa asociación e por escrito con data 27/04/20 (doc. Rex. 200052035) pide que ante a inactividade do posto se lle ceda a esta o mesmo.

4.- Con data 2/03/2021 a Tesourería municipal emite certificado conforme Dña. Estela Araujo Castro non ten débedas ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento a 21 de agosto de 2020, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interés ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 , para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor destes.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto BP19 (B37) bancada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobor do posto BP19 (B37), ata data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. Estela Araujo Castro por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/09/2009, e. en consecuencia, outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia BP19 (B37) bancada de peixe, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

Advertir que a renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio na data 14/09/2009, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados Dna. Estela Araujo Castro e a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, a dvertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a



Concello de Vigo

ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(195).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO POSTO B17 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 7125/106.

Visto o informe xurídico de data 09/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 03/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 13/03/2015, acordou outorgar a Dna. M. Alsira Lorenzo Costas, NIF ***9726>> a concesión de dominio sobor do posto denominado BP17, bancada de peixe do Mercado do Progreso.
- 2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 18/07/2019, doc. 190111379, a concesionaria comunicou a renuncia ao posto.
- 3.- Por escritos de data 04/09/2019, doc. 190136476, e 07/02/2020, doc. 200021324, da Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso comunícase que, ante inactividade do posto e conforme a concesionaria non ten débedas pendentes coa asociación, se lle ceda o mesmo.
- 4.- Con data 2/03/2021 a Tesourería municipal emite certificado conforme Dna. M. Alsira Lorenzo Costas non ten débedas ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento a 21 de agosto de 2020, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.
- 5.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa dispo-

sición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescripcóns técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interés ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescripcóns técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 , para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor destes.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto BP17 bandada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudica a terceiros polo que, procede a súa aceptación.



Concello de Vigo

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobor do posto BP17 ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. M. Alsira Lorenzo Costas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/03/2015, e, en consecuencia, outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia BP17 bancada de peixe, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

Advertir que a renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio na data 13/03/2015, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados Dna. M. Alsira Lorenzo Costas e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, a dvertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(196).- INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN CENTROS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS COMO CONSECUENCIA DA COVID-19. EXPTE. 2876/341.

Visto o informe de fiscalización do 15/03/2021, daése conta do informe-proposta do 03/03/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 24 de abril de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou (expte 6458/241):



Concello de Vigo

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) formalizado con SERVICIOS SECURITAS, S.A como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o día 14 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- Con data do 22 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expte 2299-341) o martes 26 de maio de 2020 nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Cultura. “

Terceiro.- O 30 de setembro de 2020, SERVICIOS SECURITAS, S.A. (empresa adxudicataria do contrato) presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 200177609) escrito de solicitude de indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 14 de marzo ao 31 de maio. Acompaña a solicitude xustificantes do pago de nóminas, declaración responsable e detalle de gastos salariais.

Cuarto.- En data 27 de novembro de 2020 o xefe do Servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural lle requiren documentación complementaria. Achega nova documentación con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo 7 de decembro de 2020 (documentos nº 200258220, 200258232 e 200258255 e 200258258).

Quinto.- En data 11 de decembro o xefe do Servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural informan sobre a indemnización solicitada.

Sexto.- Á vista deste informe, o servizo de Contratación solicita aclaracións, en data 21 de decembro. Requirido ó contratista acerca das mesmas polo responsable do contrato, formula alegacións en data 11 de xaneiro de 2021.

Sétimo.- En data 19 de febreiro de 2021 o contratista presenta novas alegacións e documentación.

Oitavo.- En data 23 de febreiro de 2021 o xefe do Servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural informan sobre a indemnización solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAU- DADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

- 1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.
En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.
- 2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.
- 3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.
- 4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.



Concello de Vigo

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

- 1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.
- 2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.
- 3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización do período 14 de marzo a 31 de maio de 2020. Esta indemnización abarca os seguintes conceptos: gastos salariais e “custo de alugueres e compras”. Tal e como informa o servizo xestor en data 23 de febreiro:

“7.- Na solicitude de indemnización Servicios Securitas S.A., adxunta a documentación acreditativa de pagamentos polos seguintes conceptos:

- Gastos salariais dos traballadores, que figuran incluídos no listado do persoal adscrito á empresa a 14-03-2020, tal como indicaran na comunicación de suspensión do contrato asinada con data 07-04-2020); por un importe total de 34.052,97 €, correspondentes ao período 14 de marzo ao 31 de maio de 2020, de acordo co seguinte desglose:

- Gastos salariais do período 14 ao 31/03/2020: 6.123,21 €
- Gastos salariais do período 1 ao 30/04/2020: 14.003,57 €
- Gastos salariais do período 1 ao 31/05/2020: 13.926,19 €

8.- *Servicios Securitas S.A. tamén solicita indemnización polo concepto “custo de alugueres e compras”, por importe de 4.291,28 € que acompañan copias de diversas facturas por un importe de 39.656,68 €, contía á que aplican un prorrateo do 79 días, que co-responderían co período de indemnización solicitado.*

O citado artigo 34 refírese aos conceptos indemnizables (unicamente: gastos salariais, mantemento da garantía definitiva, “alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos...” e polizas de seguros). Os conceptos dos xustificantes achegados pola empresa non corresponden co concepto “alugueres ou custos de mantemento de...”, xa que se refiren a subministracións e servizos do tipo: accións formativas, licencias ofimáticas, deseño de aplicación tecnolóxica, desfibriladores, aparellos informáticos, vestiario. Non se achegan acreditacións de gasto relacionado con alugueres ou mantementos.

En relación aos conceptos alegados neste apartado, aunque estean relacionados coa implantación e execución do contrato, para os funcionarios que subscriben os documentos non son adecuados para a xustificación do custo indemnizable do que se trata neste apartado, polo que este aspecto non se terá en conta a expensas de mellor criterio dos servizos especializados do Concello.

A empresa non achega ningunha documentación relativa ao mantemento da garantía ou aos seguros”.

Polo tanto, non corresponde indemnizar o importe reclamado en concepto de “custo de alugueres e compras”. So procedería indemnizar os custes salariais. Con respecto ós mesmos é preciso realizar dous aclaracións:

1ª.- O servizo de contratación, en dilixencia de 21 de decembro de 2020, na que solicita determinadas aclaracións di que “O servizo ao que se refire a indemnización debe referirse unicamente ao servizo de coordinación e organización do servizo (parte fixa do contrato), xa que os servizos de atención ao público constitúen a parte variable do contrato e se abonan polos servizos efectivamente prestados” . O servizo xestor deu traslado desta solicitude ó contratista, que formula alegacións en datas 11 de xaneiro e 19 de febreiro, xustificando que os servizos de atención ao público non son unha parte variable do contrato. Extremo confirmado polo servizo xestor no citado informe ó dicir que:

“O contrato de servizos de atención ao público nos centros da Rede de Museos Municipais non é estrictamente un expediente vinculado ás necesidades da Administración Municipal (de feito as FEC do PCAP que rexeu a licitación indica no seu apartado 3.L que non o é), xa que existen uns horarios estables de apertura dos centros ao longo do ano que implican servizos de auxiliares. A parte de facturación variable do contrato ten que ver coas necesidades puntuais de ampliación deses horarios habituais como consecuencia da programación expositiva en salas ou ben das necesidades de servizos especiais por outras circunstancias (Belén Monumental, actos institucionais, gravacións de Nadal...)”.



Concello de Vigo

2ª.- Como aclara o informe técnico, so procede recoñecer indemnización ata a data fixada no acordo do órgano de contratación de levantamento da suspensión do contrato. Di este informe que:

“En canto ao período que abarca a indemnización, compre adaptarse ao establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de maio de 2020 que establecía a reanudación da execución total do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expte 2299-341) a partir do martes 26 de maio de 2020 nos termos e condicións que a tal efecto se determine a concellería delegada de Cultura”. Neste sentido compre considerar que os servizos e outros gastos realizados a partir desa data, 26 de maio de 2020, non son obxecto de indemnización; en canto aos gastos salariais compriría descontar da contía solicitada a parte proporcional ás xornadas non indemnizables (entre o 26 e o 31 de maio, 6 xornadas)”.

Con respecto á contía destes custes salariais determina o citado informe do servizo xestor que:

“4.- Por tanto, procedería a indemnización a Servicios Securitas S.A. dos gastos salariais derivados e acreditados pola suspensión do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo, durante o período 14/03/2020-25/05/2020 polos seguintes importes:

- Gastos salariais do período 14 ao 31/03/2020: 6.123,21 €
- Gastos salariais do período 1 ao 30/04/2020: 14.003,57 €
- Gastos salariais do período 1 ao 25/05/2020: 11.230,80 €
- Total: 31.357,58 €

5.- Esta contía aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica de seguido:

*Nº expte: 2299-341
Importe: 31.357,58 €
Operación contable: AD 202100002639”*

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor con respecto ós custes salariais e coa corrección relativa o período de indemnización que abarcaría so hasta o remate do período de suspensión fixado no acordo da XGL.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 (“Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión”), e que o xefe do Servizo de Museos expresa no seu informe de data 23 de febreiro de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento a SERVICIOS SECURITAS, S.A., do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de suspensión de servizos de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo, declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020, polo período do 14 de marzo de 2020 ata o 25 de maio do mesmo ano, por impor-

te de 31.357,58 euros, que serán aboados con cargo os créditos comprometidos e contabilizados na operación contable AD 202100002639.

**-III-
COMPETENCIA**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de SERVICIOS SECURITAS, S.A. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo (2299-341), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 25 de maio de 2020, por importe de 31.357,58 euros, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.

2º.- Esta contía aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación contable AD 202100002639”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(197).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA , DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE BEMBRIVE. EXPTE. 24838/332.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 12/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 12/03/2021, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 19 de xaneiro de 2021, o Concelleiro de Educación resolveu “iniciar o expediente administrativo para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) de Bembridge”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 19/01/2021.
- Resolución do Concelleiro de Educación de 19/01/21 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo servizo de Educación, de 20/01/21.



Concello de Vigo

- Documentos económicos (RC e RCFUT), de 27/01/21.
- Declaración dos redactores do Prego técnico, do 01/02/21 e 11/03/2021
- Prego de prescricións técnicas (PPT anexo 1) de data 23/02/21, redactado polo servizo de Educación, e anexos 2, 3a e 3b asinados polo servizo de Educación en data 11/03/2021.
- Memoria Xustificativa de data 02/03/21, redactada polo servizo de Educación.
- Informe de data 24/02/21 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11/03/21, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: a xestión parcial da Escola Infantil Municipal “Bembrive”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: catro (4) anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 344.383,54 euros

Aplicación orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.15 “EIM Bembrive”

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (anexo 1) de 23/02/2021 redactado polo Servizo de Educación, así como os anexos 2, 3a e 3b asinados en data 11/03/2021 polo servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/03/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no

presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.377.534,16 euros (125.230,40 € na anualidade de 2021; 344.383,54 € nas anualidades 2022, 2023 e 2024; e 219.153,14 € na anualidade de 2025), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.15 (“EIM Bembrive”), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(198).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E AOPIO ÁS VÍTI-MAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 17967/77.

Visto o informe de fiscalización do 08/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2021, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” (G36928646) mediante escrito con rexistro de entrada do día 15/01/2021 (núm. Doc.:210006375), e achega complementaria co rexistro de entrada de 20/01/2021 (núm. Doc.: 210009177) solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio no marco do Plan de Emprego que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, xuntando a seguinte documentación:

- solicitude da Xunta Directiva da entidade para o inicio do convenio.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartados 2 e 3 da Lei de Subvencións de Galicia;
- declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- certificación da secretaria da entidade acreditativa dos datos da presidenta, dona María Rosario Otero Rodríguez, que actúa con poder bastante para actuar en nome da asociación e para a sinatura do presente convenio.
- declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para a mesma finalidade
- declaración responsable que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.



Concello de Vigo

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 13/01/2021
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 23/12/2020
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 23/12/2020
- datos da titularidade da conta bancaria.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos do proxecto subvencionado
- Programa de actividades
- Copia dos contratos de traballo rexistrados na Oficina de Emprego.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 870-04.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800007 "CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS", cunha dotación de 50.000,00 €.

IV. En data 25 de xaneiro de 2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, resolveu iniciar o expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, expídese certificación de data 27/01/2021, do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VI. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" (G36928646), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, no marco do plan municipal de emprego para a contratación de catro postos de traballo (1 Licenciada en dereito cunha xornada do 62,50%, 1 Administrativa cunha xornada do 100%, 1 Diplomada en Traballo Social cunha xornada do 50,00 %, 1 Licenciada en Psicoloxía cunha xornada do 100%) desde o 01/02/2021 ata o 30/09/2021 para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

II. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez.

Pola outra parte, asinará o convenio dona María Rosario Otero Rodríguez, con DNI 36012710T, en calidade de presidenta da asociación.

III. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Xustifícase a competencia municipal con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

III. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.



Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de febreiro de 2021 e o 30 de setembro de 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de **48.828,80 €** (48.107,20 € de custes salariais e 721,60 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021, co obxecto de coadxugar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (**01/02/2021 ao 30/09/2021**).

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os/as traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A teor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Explicítase no pacto décimo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban du-



Concello de Vigo

rante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.

- Autorizar o gasto de **48.828,80 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021.
- Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, D. Abel Fermín Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.
- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e un

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI *****710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asemblea celebrada o 17 de outubro de 2019, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.



Concello de Vigo

Actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei...”

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, a prestación dos servizos sociais e de promoción, así como, da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante:
 1. O fomento da autoestima.
 2. A potenciación da personalidade.
 3. A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 4. O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 5. Transmitir modelos sociais igualitarios.
 6. Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 7. Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sen esquecer a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2020, segundo as publicacións realizadas pola comunidade autónoma:

Paro rexistrado:

CONCELLO	TOTAL DEEMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	23.762	10.184	14

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Ante as novas necesidades xurdidas pola crise sanitaria xerada polo Covid-19 e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, especialmente en determinadas situacións de vulnerabilidade



Concello de Vigo

social e económica, debe facerse fincapé nas dificultades que atravesan as mulleres vítimas de violencia de xénero, mais acentuadas aínda no actual contexto, tendo en conta, entre outras circunstancias, as restricións á mobilidade, as obrigas de confinamento, e as limitacións das reunións ou contactos sociais, que poden acentuar, mais si cabe aínda, a súa fragilidade e indefensión, polo que, a súa protección e acompañamento debe ser obxecto dunha atención especial e prioritaria por parte das distintas administracións públicas.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de concesión de subvención nominativa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2020, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social mediante información, motivación e asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.
 - a) Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.
 - b) Potenciar as características persoais favorables .
 - c) Identificar a violencia de xénero.
 - d) Diminuír as consecuencias da violencia de xénero.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola Rede.

- g) Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - h) Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres que traballan en Galicia de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.
 - i) O acompañamento social integral a mulleres en procesos de violencia, minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia machista, a través do empoderamento e da práctica feminista, da información dos procedementos e dos servizos e do acompañamento no seu proceso de recuperación psico-social e laboral.
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
 3. Proporcionarlles ás/os profesionais seleccionados formación en competencias transversais (xénero e violencia de xénero) aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade
 4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
 5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.
 6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación dos postos a contratar.
 7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
 8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Cultura e Emprego como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
 10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
 11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
 12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
 13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.



Concello de Vigo

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de **48.828,80 €** (48.107,20 € de custes salariais e 721,60 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

1.A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

2.En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

3.A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego

Oitavo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros
A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLA ENTIDADE BENEFICIARIA DA AXUDA

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido polo servizo. De non estar de alta na mesma, será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org
- c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido polo servizo, que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org.

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c), a entidade remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a proposta de contratación xunto coa documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

- a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.



Concello de Vigo

- b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
- c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.
- d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos para proceder á contratación

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **30 de outubro de 2021**.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

1º) Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

3º) Memoria económica dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificáranse mediante:
 - Contrato de traballo

- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

1.A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito inhabitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de febreiro e o 30 de setembro de 2021**.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo persoal de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,
_____ de 2021

10(199).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO"- 2021. EXPTE. 17987/77.

Visto o informe de fiscalización do 10/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 09/03/2021, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Emprego (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I. Obxecto:

Desde a Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de outubro de 2020 ata o 31 de xullo de 2021**.

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Á vista do informe de fiscalización de data 3/03/2021, se procede á modificación do apartado 10 das bases da convocatoria "Criterios de valoración de proxectos", mediante a inclusión do "criterio de calidade do proxecto", redistribuíndo as puntuacións dos distintos subcriterios ao engadir, como novidade, os referentes a "formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención" e "control de calidade". Como consecuencia do anterior, tamén se procede á modificación do Anexo V "Proxecto de actividades e contratacións"

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades*

locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafes 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

IV. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

V. Tramitación:

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Base 1ª: modifícase o período dos gastos subvencionables que comprende dende o 1 de outubro de 2020 ata o 31 de xullo de 2021.



Concello de Vigo

- Base 2ª: actualízase ao 1 de xaneiro de 2020 a data límite de empadramento das persoas a contratar con cargo á presente convocatoria. Á vista dos informes de auditoría sobre os expedientes de xustificación das subvencións da convocatoria do ano anterior, se exige a certificación acreditativa de dispor de estrutura, experiencia e capacidade necesaria para o cumprimento das axudas.

- Base 3ª: se inclúe, como gasto subvencionable, o 50 % dos custes salariais e de seguridade social do/a traballor/a a cargo da entidade.

Establécese a obrigatoriedade de seguir o procedemento previsto na base 13.1ª para a selección do persoal (publicación da oferta), agás para as contratacións realizadas antes da publicación desta convocatoria para as que se deberá acreditar a publicidade da oferta a través de páxina web, redes sociais, taboleiro de anuncios e/ou a súa presentación no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, manténdose o cumprimento, nas persoas contratadas dos requisitos de desemprego e empadramento, sexa cal fora a forma de publicación da oferta.

Tamén se indica o número mínimo exixible de novas contratacións, isto é, do persoal que non teña sido contratado pola entidade nos 24 meses anteriores á publicación da convocatoria, con cargo ás subvencións de fomento do emprego.

Se engade un suposto de gasto non subvencionable “g) Custes salariais derivados de baixas temporais” e se detalla o procedemento a seguir no suposto de baixas temporais do persoal contratado con cargo á subvención.

- Base 4ª: Como consecuencia da redución da contía total do crédito das axudas no vixente exercicio orzamentario se minoran en 5.000,00 € os importes asignados aos Programas III e VI, atendendo ao número de solicitudes e persoas contratadas na convocatoria do ano 2020.

- Base 5ª: Se introduce, como requisito para a concesión do anticipo, a presentación da documentación e verificación polo servizo do proceso de selección do persoal a contratar previsto na Base 13ª

- Base 9: xunto coa solicitude de subvención deberá achegarse, certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a composición da xunta directiva na data de publicación da convocatoria, xunto co compromiso de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano, e na que conste que a entidade solicitante ten estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a experiencia e capacidade necesarias para acadalos

- Na base 10ª, mantén o criterio de valoración “Calidade do proxecto”, redistribuíndo as puntuacións dos subcriterios contemplados na anterior convocatoria aos que se engaden os subcriterios a “Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención” e “Control de calidade”. Asemade, corríxese o Anexo V Proxecto de actividades e contratacións para adaptalo ás referidas modificacións.

- Base 12ª: coa finalidade de axilizar o procedemento de concesión das subvencións, se elimina o trámite de resolución provisional, de xeito que, unha vez avaliadas as solicitudes pola Comisión de valoración se remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal,

o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.

- Base 13ª: tamén coa finalidade de axilizar o procedemento, se da unha nova regulación ao proceso de selección do persoal a contratar con cargo á subvención, de xeito que, a verificación do cumprimento polas beneficiarias dos requisitos establecidos na base 13ª da convocatoria se difire ao momento de solicitude de anticipo e/ou pago da subvención. Con carácter xeral, as entidades beneficiarias deberán seguir o previsto no apartado 1º da devandita base, salvo cando as contratacións se teñan realizado dentro do período subvencionable pero antes da publicación desta convocatoria de subvencións, en cuxo caso, deberán acreditar igualmente, a publicidade da oferta (a través de taboleiros de anuncios, redes sociais, Servizo Público de Emprego...). Sexa cal fora o sistema de publicidade da oferta, as persoas contratadas deberán cumprir, en todo caso, os requisitos establecidos no apartado 3º da dita base, entre eles, a demanda de emprego e o empadramento no Concello de Vigo, cando menos, dende o 1 de xaneiro de 2020.

Asemade, se regulan as substitucións cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada.

Por outra banda, atendendo ás incidencias producidas na anterior convocatoria do programa de subvencións de emprego de entidades sen ánimo de lucro como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria xerada polo Covid-19, se contempla, para o suposto excepcional derivado de circunstancias que non se puideron prever no momento da presentación da solicitude de subvención, a posible modificación do posto de traballo solicitado, previa solicitude razoada da entidade beneficiaria na que se se acrediten debidamente as circunstancias concorrentes, sempre que permanezan inalterables as demais características do proxecto de contratación (número de postos e categoría profesional), e que a modificación non supoña incremento do importe inicialmente solicitado, debendo obter a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego con carácter previo á convocatoria do proceso de selección.

Por último, aos requisitos de empadramento e demanda de emprego das persoas contratadas, se engadiu o cumprimento, cando menos, do número mínimo esixido de persoas seleccionadas segundo a táboa da Base 3ª.1, de xeito que non teñan sido contratadas pola entidade solicitante da axuda, nos 24 meses anteriores á publicación desta convocatoria, non podendo, asemade, as persoas a contratar, ostentar cargo ou posto na xunta directiva da entidade á data de publicación da convocatoria de subvencións ou posterior.

Base 14ª: se adianta a data de fin de prazo de xustificación ao 31/08/2021, coa finalidade de axustar, na vindeira convocatoria deste programa de subvencións, o período dos gastos subvencionables, de xeito que, se podan incluír os producidos neste exercicio, tras a xustificación das subvencións concedidas na presente convocatoria.

Se engade, como documentación xustificativa da subvención, a “memoria das contratacións realizadas con cargo á subvencións, conforme á Base 13ª”, a través da cal, as entidades beneficiarias das axudas deberán acreditar o cumprimento das bases desta convocatoria en canto ao proceso de selección e requisitos do persoal contratado, se non o fixeron xa, no caso de ter solicitado previamente o anticipo.

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través



Concello de Vigo

dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2021 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2021 do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 1.140.000,00 € (un millón cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2021.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as "Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" correspondentes ao ano 2021 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publica-



Concello de Vigo

ción que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2021.

BASE 1ª.- OBJECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Obxecto:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de outubro de 2020 ata o 31 de xuño de 2021.**

Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2020.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” Epígrafes 10.1 e 10.5.



Concello de Vigo

✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
✓ Programa III: “Organizacións sindicais”	Epígrafe 5.1
✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.	Epígrafes 5.2
✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.	Epígrafe 10.7
✓ Programa VI: “Entidades deportivas”	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. (DEBERÁN ACHEGAR CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DA ENTIDADE)
5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.
10. Que realicen convocatoria pública da oferta de emprego de acordo co establecido na Base 13ª.

BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. A subvención cubre os **gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas traballadoras contratadas **dende o 1/10/2020 ata o 31/07/2021** que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas. Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto na **Base 13ª.1**

Non obstante o anterior, para as contratacións formalizadas no período de gastos subvencionable (a partir do 1/10/2020) e con anterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións, os requisitos de publicidade referidos no parágrafo anterior se poderán suplir pola existencia de acreditación da publicidade da oferta de emprego, a través do taboleiro de anuncios, redes sociais, páxina web da entidade, e/ou presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, segundo o disposto na **Base 13ª.2**. En todo caso, sexa cal fose o sistema de publicidade da oferta de emprego, só serán subvencionables os gastos do persoal contratado, sempre e cando concorran os requisitos previstos na **Base 13ª.3**

Cando se solicite subvención para o financiamento dos custes salariais de varios postos de traballo esixírase, cando menos, que o número mínimo de persoas que reflicte a seguinte táboa, non teñan sido contratadas pola entidade solicitante da axuda, nos **24 meses anteriores á publicación** desta convocatoria e con cargo ao programa de subvencións de fomento de emprego de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo:

Nº total de postos do proxecto subvencionado	Persoas que non teña sido contratadas nos 24 meses anteriores
2 postos de traballo	Mínimo 1 persoa
3 postos de traballo	Mínimo 1 persoa
4 postos de traballo	Mínimo 2 persoas
5 postos de traballo	Mínimo 2 persoas
6 postos de traballo	Mínimo 3 persoas
7 postos de traballo	Mínimo 3 persoas
8 postos de traballo	Mínimo 4 persoas
9 postos de traballo	Mínimo 4 persoas
10 postos de traballo ou máis	Mínimo 50% de persoas

*** Esta porcentaxe do 50% será o mínimo esixible aínda no caso de que o número de postos a contratar sexa impar, redondeándose cara arriba, de xeito que o número de postos de novo persoal contratado en ningún caso poderá ser inferior á dita porcentaxe do 50 %**
O requisito anterior debe cumprirse con respecto de todas as contratacións realizadas.

Así mesmo, serán subvencionables os seguintes gastos:

- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade dun/ dunha traballador/a cunha antigüidade mínima de 6 meses na entidade solicitante, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente acreditada no **Anexo V**, para a dirección e/ou coordinación do proxecto. O período máximo subvencionado dos gastos do persoal da entidade non poderá ser superior ao do persoal de nova contratación

- Os gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2. En ningún caso serán subvencionables os seguintes conceptos:

- a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
- b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
- c) As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.
- d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.



Concello de Vigo

- e) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- f) Os gastos de procedementos xudiciais
- g) Custes salariais derivados de baixas temporais

No suposto de baixas temporais:

1. No caso de substitución da persoa traballadora titular, só serán subvencionables os custos salariais correspondentes á persoa traballadora substituta. A entidade beneficiaria da subvención deberá facerse cargo dos sobrecostos derivados das substitucións
2. No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, deberán deducirse e, de selo caso, reintegrarse os gastos salariais correspondentes ao período de baixa

O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2021) do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 20.000,00 € (vinte mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 200.000,00 € (douscentos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

En todo caso, a entidade deberá achegar, xunto coa solicitude de anticipo, a documentación acreditativa da realización do/s proceso/s de selección e conforme aos requisitos previstos na Base 13ª, todo elo, de conformidade co disposto na Base 14.3ª, de xeito que, se este extremo non quedase acreditado, non se poderá proceder ao pago do anticipo, salvo cando a documentación presentada integrante do dito proceso poda ser obxecto de emenda, en cuxo caso, se lle concederá un prazo de 10 días hábiles para a súa subsanación.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todo lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII** aprobado



Concello de Vigo

nesta convocatoria para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2021, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.

4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.

5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.

8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.

9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

BASE 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e

asinadas electronicamente con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran

e) Anexo V: Proxecto de de contratacións e actividades a realizar no 2021 asinado electronicamente.

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subven-



Concello de Vigo

ción, e na que conste que a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) Participación en convocatorias de fomento do emprego.....ata 4 puntos:
 - Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
 - Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
 - Unha (1) convocatoria2 puntos
 - b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:
 - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos

- Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
 - Superior ó 85%.....4 puntos
- (*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Calidade do proxectoAta 10 puntos
- 2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos
 - b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos
 - c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos
 - d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos
 - e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
 - f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos
 - g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
- 3.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
- 3.2. O tempo de duración do contrato:
- a) 2 meses.....1,00 punto por contrato.
 - b) 3 meses.....1,25 puntos por contrato.
 - c) 4 meses.....1,50 puntos por contrato.
 - d) 5 meses.....1,75 puntos por contrato.
 - e) 6 meses.....2,00 puntos por contrato.
 - f) 7 meses ou máis.....2,25 puntos por contrato.
- 3.3. Xornada:
- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
 - b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
 - c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
 - d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.



Concello de Vigo

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimarase as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Cultura e Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.



Concello de Vigo

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

BASE 13ª.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

13.1. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON POSTERIORIDADE Á PUBLICACIÓN DESTA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN

As entidades solicitantes deberán realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no **Anexo VI (Oferta de emprego asinada electronicamente**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto “**OFERTA DE EMPREGO SUBVENCIÓN FOMENTO**”
- c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido no **Anexo VI (Oferta de emprego asinada electronicamente**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto “**OFERTA DE EMPREGO SUBVENCIÓN FOMENTO**”

Unha vez efectuada a publicación da oferta na páxina web municipal “Asociacións en rede” polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a través do enderezo de correo electrónico facilitado pola entidade solicitante, se lle remitirá mensaxe de confirmación da publicación ou, de selo caso, o requirimento de emenda cando a oferta non se axuste ao disposto nestas bases ou ao proxecto (Anexo V)

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, a entidade beneficiaria poderá acordar a selección e proceder á súa contratación. A documentación xustificativa do dito proceso será remitida xunto coa xustificación e solicitude de pago da axuda, conforme ao previsto na Base 14ª, ou ben, de selo caso, xunto coa solicitude de anticipo.

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá comunicalo motivadamente ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego propondo, de selo caso, a súa substitución polo/a seguinte candidato/a da listaxe de suplentes, ata esgotar a listaxe de reserva. Soa-



Concello de Vigo

mente no suposto de non haber suplentes, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente, se poderá solicitar unha nova convocatoria do proceso de selección.

A selección do persoal deberá axustarse ao solicitado no Proxecto de actividades e contratacións (Anexo V), de xeito que, unha vez aprobada a concesión da subvención non se poderán realizar modificacións dos postos de traballo a contratar previstos no dito proxecto salvo no suposto excepcional derivado de circunstancias que non se puideron prever no momento da súa presentación, en cuxo caso, previa solicitude razoada da entidade beneficiaria na que se se acrediten debidamente as circunstancias concorrentes, se poderá proceder á modificación do posto de traballo solicitado, sempre que permanezan inalterables as demais características do proxecto de actividades e contratación, especialmente, en canto ao número de postos e a categoría ou grupo profesional, e que a modificación non supoña incremento do importe inicialmente solicitado, debendo obter a **conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego con carácter previo á convocatoria do proceso de selección.**

13.2 EXCEPCIÓNS AO PROCEDEMENTO PREVISTO NO PARÁGRAFO ANTERIOR

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período subvencionable (a partir do 1/10/2020) e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, as entidades beneficiarias da axuda deberán acreditar a publicidade da oferta de emprego, a través do seu taboleiro de anuncios, páxina web e redes sociais e/ou a presentación da oferta no emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos que se indican na **Base 13.3**

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá seguir o procedemento indicado **Base 13.1^a** para proceder á provisión do posto vacante.

13.3 REQUISITOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

Todo o persoal seleccionado pola entidade, nas convocatorias de ofertas de emprego realizadas con anterioridade ou posterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións deberán cumprir cos seguintes requisitos:

1. Inscripción como demandante de emprego, cando menos, dende a data da publicación da oferta de emprego formulada pola entidade,
2. Empadramento no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2020.
3. Cumprimento, cando menos, do número mínimo esixido **de persoas seleccionadas segundo a táboa da Base 3^a.1, que non teñan sido contratadas** pola entidade solicitante da axuda, nos **24 meses anteriores á publicación** desta convocatoria
4. Non ostentar cargo ou posto na xunta directiva ou órgano de goberno da entidade á data de publicación da convocatoria de subvencións ou posterior.

Os anteriores requisitos deberán cumprirse no momento da selección e da contratación debendo ser verificados polas entidades solicitantes, sen prexuízo da realización das oportunas comprobacións posteriores polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego

BASE 14^a.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate**

das accións de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2021**.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:

1º Declaración responsable asinada electronicamente (Anexo VIII) na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente (Anexo IX), conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.



Concello de Vigo

3º) Memoria das contratacións realizadas con cargo á subvencións, conforme á Base 13ª

As entidades beneficiarias deberán acreditar o cumprimento do disposto na Base 13ª en canto ao procedemento de selección do persoal, en particular, a realización da convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c) da devandita Base, debendo remitir, en documento aparte, a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, indicando no asunto “**DOCUMENTACIÓN BASE 13 PROCESO SELECCIÓN SUBVENCIONS FOMENTO DO EMPREGO**” e tal e como se indica a continuación:

- a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.
- b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
- c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículum das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.
- d) Declaración responsable do/a representante da entidade conforme, cando menos, o mínimo esixido na Base 3ª.1 da/s persoa/s seleccionada/s non teñen sido contratadas pola entidade beneficiaria da axuda nos 24 meses anteriores ao da publicación desta convocatoria, con cargo a este programa de subvencións de fomento do emprego do Concello de Vigo e que, cando menos, dende a data da publicación da convocatoria non ostentaban nin ocupan cargo algún na xunta directiva ou órgano de goberno da entidade
- e) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

4º) **Memoria económica:** as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social**, así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo X - folia de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a ofi.emplo@vigo.org), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarán o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación:

4. Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados
5. Contrato de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo á subvención
6. Nóminas correspondente aos meses imputados
7. Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.
8. Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).
9. Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo X** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).
- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XI**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

5º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

6º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 15ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.



Concello de Vigo

BASE 16ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 17ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 18ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- O disposto na Base 13ª da convocatoria, cando as contratacións do persoal non se axusten ao procedemento previsto nestas bases ou ao solicitado no proxecto (**Anexo V**), ou ben, cando a/s persoa/s contratada/s non reúnan os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e/ou na oferta de emprego (**Anexo VI**)
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concurrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 19ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Ta-



Concello de Vigo

mén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do vixente Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 21ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2021.

Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de outubro de 2020 ata o 31 de xuño de 2021**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafe 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto.- Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Quinto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2021) do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”:** 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”:** 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”:** 20.000,00 € (vinte mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”:** 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”:** 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”:** 200.000,00 € (douscentos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

Sétimo.- Documentación:

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran

e) Anexo V: Proxecto de de contratacións e actividades a realizar no 2021 asinado electronicamente

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste que a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.



Concello de Vigo

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Oitavo.- Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento, recursos procedentes e medios de notificación:

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Concello de Vigo

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

Noveno.- Criterios de valoración dos proxectos:

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.

1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

a) Participación en convocatorias de fomento do emprego.....ata 4 puntos:

- Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
- Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
- Unha (1) convocatoria2 puntos

b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:

- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
- Superior ó 85%.....4 puntos

(*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Calidade do proxectoAta 10 puntos

2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos
- b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos
- c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos
- d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
- f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos
- g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.

3.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.

3.2. O tempo de duración do contrato:

- a) 2 meses.....1,00 punto por contrato.
- b) 3 meses.....1,25 puntos por contrato.
- c) 4 meses.....1,50 puntos por contrato.



Concello de Vigo

- d) 5 meses.....1,75 puntos por contrato.
 - e) 6 meses.....2,00 puntos por contrato.
 - f) 7 meses ou máis.....2,25 puntos por contrato.
- 3.3. Xornada:
- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
 - b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
 - c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
 - d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo.- Outros datos:

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2021**. A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa**.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Décimo primeiro.- Publicación:

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/XX POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2021.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de outubro de 2020 ata o 31 de xuño de 2021**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafe 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

Terceiro.- Bases reguladoras:

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.



Concello de Vigo

Cuarto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2021) do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”:** 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”:** 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”:** 20.000,00 € (vinte mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”:** 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”:** 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”:** 200.000,00 € (douscentos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

Sexto.- Documentación:

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran

e) Anexo V: Proxecto de de contratacións e actividades a realizar no 2021 asinado electronicamente

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste que a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.



Concello de Vigo

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Sétimo.- Outros datos:

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2021**. A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa**

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

11(200).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE REQUIRIMENTO DE CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DE 2 DE FEBREIRO DE 2021 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. EXPTE. 18024/77.

Visto o informe de fiscalización do 12/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 23/02/2021, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo letrado xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1 - A Consellería de Economía, Emprego, en data 09/08/2019, a Consellería de Economía, Emprego resolveu favorable a aprobación do proxecto OBRADOIRO DE EMPREGO "FORMAWEB III e a concesión dunha subvención polo importe global de 168.769,95 €, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro de emprego denominado "FORMAWEB", para 15 alumnos/as-traballadores/as, na especialidade formativa de confección e publicación de páxinas web, e dentro do marco das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación

da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil para o ano 2019, ao abeiro da Orde do 04 de abril de 2019 (DOG nº 79, do 25 de abril de 2019) e aceptada por resolución da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto de 2019 (expte. 16664/77).

2 - Con data 20 de xullo de 2020, a través do expediente núm. 17337/77, o Concello de Vigo achegou a xustificación económica do Obradoiro de emprego Formaweb III, a cal, debido a situación de emerxencia declarada polo Covid-19, e seguindo as indicacións da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Vigo, presentouse dividida en dúas partes, por unha banda, os datos económicos correspondentes ao Obradoiro dende o seu inicio e a data de suspensión motivada situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19 e, por outra banda, os importes imputables ao mesmo cuantificados a partir da dita data de suspensión e ata o remate do obradoiro.

En síntese, os gastos do proxecto foron xustificados de acordo co seguinte desglose:

1) Xustificación ata suspensión COVID19	FSE	
Módulo A		49.248,00 €
Módulo B		3.569,35 €
Salarios		99.087,52 €
		151.904,87 €

2) Xustificación despois da suspensión COVID	Fondos finalistas	
Incremento SMI		2.595,69 €
Periodo de suspensión		7.606,90 €
		10.202,59 €

3 - Con data 3 de febreiro de 2021 e documento núm. 210017831, recíbese a resolución de 2 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se modifica a resolución administrativa do 27 de agosto de 2018 de concesión da axuda no senso de reducir a contía a 148.141,42 € en concepto de gastos xustificables ao FSE e un importe de 10.202,59 euros con cargo a fondos finalistas (2.595,69 euros de incremento do SMI e 7.606,90 euros do período de suspensión)

Conforme ao indicado nesta última resolución de 2 de febreiro de 2021, se ten constatado que, do importe total xustificado con data 20 de xullo de 2020, polo Concello de Vigo (151.904,87 €) con cargo ao FSE, o incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) por importe de 2.565,69 euros, debía terse imputado aos Fondos Finalistas, e non ao FSE.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

· Requirimento previo (art. 44 LRXCA):

Contra a resolución de 2 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tri-



Concello de Vigo

bunal Superior de Xustiza de Galicia, para que derogue a disposición, anule ou revoque o acto, faga cesar ou modifique a actuación material ou inicie a actividade a que estea obrigada, de acordo coas seguintes consideracións xurídicas:

Con data 3 de febreiro de 2021, recíbese a Resolución de 2 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se modifica a resolución administrativa do 27 de agosto de 2018 de concesión da axuda no senso de reducir a contía a 148.141,42 € De conformidade co establecido nas resolucións de 9/08/2019 e 2/02/2021 se constatan os seguintes feitos:

1º Tanto a Orde de data 4 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se regulan as bases das axudas e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 79 de 25 de abril de 2019) coma a resolución de data 09/08/2019, pola que, a Consellería de Economía, Emprego concede a subvención polo importe global de 168.769,95 €, para o proxecto OBRADOIRO DE EMPREGO "FORMAWEB III, non establecen distribución ningunha dos fondos de gastos do proxecto. Tampouco, con posterioridade á dita resolución, nin durante o período de execución do proxecto, o dito organismo ten realizado comunicación de ningún tipo relativa á distribución dos gastos do proxecto.

2º Actuando nesa confianza lexítima, a xustificación económica do Obradoiro de emprego Formaweb III, remitida polo Concello de Vigo con data 20 de xullo de 2020, a través do expediente núm. 17337/77, imputáronse gastos por importe total de 151.904,87 €, para o seu financiamento con cargo ao Fondo Social Europeo (FSE), ao non ter coñecemento previo da distribución de fondos que posteriormente se comunicou en data 3 de febreiro.

De ter sido notificada a distribución de fondos no momento da concesión da subvención, teríase imputado o importe do incremento do Salario Mínimo Interprofesional (2.595,69 euros) á partida de gastos financiados con cargo aos Fondos Finalistas da Consellería, resultando un importe total xustificado polo Concello de Vigo financiable mediante o FSE de **149.309,18 €**, unha vez realizada a oportuna dedución.

2º En liña co anterior, apreciase un erro aritmético na resolución de data 2/02/2021, correspondente ao importe dos gastos xustificadas imputables ao Fondo Social Europeo, xa que, no canto de 148.141,42 €, debería dicir, 149.309,18 € (151.904,87 – 2.595,69), resultando prexudicado o Concello de Vigo ao terlle recoñecido unha contía inferior ao realmente xustificado por importe de **1.167,76 €**

Á vista do que antecede téndose advertido unha discrepancia entre o importe dos gastos xustificadas polo Concello de Vigo financiados con cargo ao Fondo Social Europeo e o importe que se constata como xustificado na Resolución de 2 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, e xa que non consta comunicación ningunha por parte do dito organismo en canto á distribución de gastos imputables ao proxecto, procede formular requirimento previo de rectificación da resolución ao abeiro do artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

CONCLUSIÓN:

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A Orde de data 4 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se regulan as bases das axudas e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 79 de 25 de abril de 2019) e a resolución de data 09/08/2019, pola que, a Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu a subvención para o proxecto OBRADOIRO DE EMPREGO "FORMAWEB III, non establecen prescrición ningunha referente á distribución de fondos dos gastos do proxecto.

2º.- En atención ao anterior e, actuando nesa confianza lexítima ao non ter coñecemento previo da distribución referida, o importe total xustificado polo Concello de Vigo (expediente núm. 17337/77), financiable con cargo ao Fondo Social Europeo ascendeu a 151.904,87 €.

3º.- Revisada pola consellería a dita conta xustificativa presentada polo concello, notifica a resolución de data 2 de febreiro de 2021, pola que modifica a resolución administrativa do 27 de agosto de 2018 de concesión da axuda no senso de reducir a contía a 148.141,42 €. en concepto de gastos xustificables ao FSE e un importe de 10.202,59 euros con cargo a fondos finalistas, apreciándose un erro aritmético no importe dos gastos xustificables imputables ao Fondo Social Europeo, xa que, no canto de 148.141,42 €, debería dicir, 149.309,18 € (151.904,87 – 2.595,69), resultando prexudicado o Concello de Vigo ao terlle recoñecido unha contía inferior ao realmente xustificado por importe de **1.167,76 €**

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que lle corresponde a este órgano colexiado o «exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

ÚNICO: Interpoñer, de conformidade coa fundamentación anteriormente exposta e consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Resolución de 2 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se modifica a resolución administrativa do 27 de agosto de 2018 de concesión da axuda, e na que SE REDUCE A CONTÍA, distribuíndo o importe de 148.141,42 € en concepto de gastos xustificables ao FSE e un importe de 10.202,59 euros con cargo a fondos finalistas, apreciándose un erro aritmético no importe dos gastos xustificables imputables ao Fondo Social Europeo, xa que, no canto de 148.141,42 €, debería dicir 149.309,18 € (151.904,87 – 2.595,69), resultando prexudicado o Concello de Vigo ao terlle recoñecido unha contía inferior ao realmente xustificado por importe de **1.167,76 €**.



Concello de Vigo

12(201).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE FEBREIRO DE 2021. EXP-TE. 2901/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/03/21, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de febreiro de 2021.

Expediente	2891-334. REALIZACIÓN DE 4 VÍDEOS EDUCATIVOS PARA DINAMIZAR A LINGUA GALEGA DENDE A ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA, CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS EXTRAÍDOS DO MATERIAL DIDÁCTICO -BOTA E REBOTA E CAE NA TÚA BOCA-
Resolución concelleira	data 5 de febreiro de 2021
Informe Intervención	RC 8390
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.U. (nome artístico: Xandobela)
Importe	1.056,00 euros

Expediente	2893-334. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIONAR, PRODUCIR O DIRECTO, GRAVAR, SUBTITULAR... A LECTURA MULTILINGÜE E CORAL QUE O VINDEIRO 24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO, VAI TER LUGAR PARA HOMENAXEAR A POETA GALEGA. ASEMADE, A POSTA A DISPOSICIÓN DESTA ACTIVIDADE GRAVADA NUN ENLACE PRIVADO NA PÁXINA WEB DA CNL XUNTO CON VÍDEOS PARA REPRODUCIR NAS PANTALLAS DE VITRASA.
Resolución concelleira	data 16 de febreiro de 2021
Informe Intervención	RC 10140
Adxudicatario	Publifive, Sociedade Cooperativa Galega
Importe	2.238,50 euros

Expediente	2895-334. PORTES
Resolución concelleira	data 16 de febreiro de 2021
Informe Intervención	RC 10141
Adxudicatario	xPress, Reparto y gestión urgente, S.L
Importe	502,15 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(202).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DE PARQUE MÓBIL . EXPTE. 13493/445.

Visto o informe xurídico do 10/02/2021 e o informe de fiscalización do 12/02/2021, dáse conta do informe-proposta do 25/01/2021, asinado pola técnica de xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14/02/2019, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (C.I.F. A25009192) o contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445) por procedemento aberto e por un prezo total de OITOCENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS VINTE EUROS (824.620,00€) sendo a cota correspondente ao IVE de 143.115,87 €, cunha porcentaxe de desconto por litro de gasóleos e gasolina do 9,75%; Incrementando o horario mínimo establecido no prego de prescricións técnicas particulares a 24 horas; e, comprometéndose a poñer en disposición do contrato cando menos tres estacións de servizo localizadas no termo municipal de Vigo, e unha delas cun mínimo de 3 km a contar desde o parque central de servizos do Concello.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 21/03/2019 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do mesmo o 22/03/2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta



Concello de Vigo

de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal por un período dun ano toda vez que o funcionamento do subministro durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 22/03/2021 ao 21/03/2022, sendo que o prezo anual ascende a un total de **CATROCIENTOS DOCE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €)** máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €).

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 "Combustible e carburantes", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 22/03/2021 e o 31/12/2021: **340.000,00 €**.
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 21/03/2022: **72.310,00 €**.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido desde o 22/03/2021 ata o 21/03/2022

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445) a favor da entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (C.I.F. A25009192) por importe de CATROCIENTOS DOCE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 "Combustible e carburantes", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 22/03/2021 e o 31/12/2021: **340.000,00 €**.

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 21/03/2022: **72.310,00 €**.

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(203).- NOMEAMENTO INTERINO DUN ADMINISTRATIVO, CON CARGO A VACANTE, PARA A ÁREA DE RÉXIME INTERIOR. EXPTE. 37059/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 04/03/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefa da Área de Réxime Interior coa conformidade da Concelleira-delegada competente, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de cobertura dun/dunha administrativo/a para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo “ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda previo informe do Técnico de Organización e Planificación sobre a posibilidade de cobertura da praza referida, á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender ás solicitudes de persoal formuladas, incorporando un/unha administrativo/a con cargo a vacante”.

III.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, e no que, entre outras cuestións, consta que:



Concello de Vigo

“... infórmase que a praza de Administrativo/a de Administración xeral que figura vacante na Área de Réxime Interior, cód. 200 está en condicións de ser cuberta interinamente, ao estar incluída na Oferta de Emprego Público correspondente a o ano 2020..”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómi-*

ca de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia de prazas vacantes, consta unha praza vacante de administrativo/a de administración xeral incluída na OEP 2020, en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto terceiro dos antecedentes de este informe e anexo ao expediente.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos será revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da OEP 2020.



Concello de Vigo

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (Administrativo/a de Administración Xeral, posto cód. 105 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT)), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Xefa da Área de Réxime Interior coa conformidade da Concelleira-delegada competente, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento da Área de Réxime Interior, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, exp- te. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

“O presente expediente do nomeamento interino con cargo a praza vacante dunha praza de Administrativo/a de Administración Xeral, asociada a posto cód. 105 da Relación de Postos de Traballo vixente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2021 e seguintes, ata a súa cobertura definitiva.

O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 18 de novembro de 2020, publicado no BOP de 20 de novembro seguinte, dun posto de Administrativo/a, cód. 105, para o exercicio 2021 e de 35.160,04€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 10.727,38€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 6.339,62€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 10.748,08€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.344,96€), significando que o custe máximo anual para presente ano 2021 sería de 29.300,03€ (dos que 23.179,23€ corresponden a retribucións e, 6.120,80€ a seguridade social a cargo ao empregador), toda vez habería que imputalo a un máximo de 10 meses, xa que non estaría en condicións de ser nomeado/a ata polo menos o 01 de marzo próximo, xa que os créditos dos dous primeiros meses deste ano xa foron utilizados (ou o serán nunha nova modificación presupostaria), na modificación orzamentaria número 2/2021, expte. 36898/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria da aplicación 920.0.140.0000, por un total de 849.516,28€.o por un importe anual de 736,17€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 503,08€).”

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categorías de Administrativo/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Administrativo de Administración Xeral con cargo a praza vacante, a J A Cousido Fernández, con dni ***9148**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto



Concello de Vigo

refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a con cargo a vacante, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de **29.300,03 €** (dos que 23.179,23€ corresponden a retribucións e, 6.120,80€ a seguridade social a cargo ao empregador), distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 10.727,38€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 6.339,62€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 10.748,08€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.344,96€).

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a, con cargo á praza vacante da OEP 2020, como Administrativo/a de Administración Xeral, asociada a posto cód. 105 a: *J A Cousido Fernández, con dni ***9148***, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente dita praza (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), incluída na OEP correspondente ao ano 2020; sendo adscrito a Área de Réxime Interior, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario

de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, a Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(204).- NOMEAMENTO INTERINO DUN PROGRAMADOR INFORMÁTICO, CON CARGO Á PRAZA VACANTE, PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 37117/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 09/03/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe de Administración Electrónica coa conformidade da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de cobertura dos postos vacantes de programador/a informático/a e *operador/a* informático/a para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, e no que, entre outras cuestións, consta que:

“as prazas antes mencionadas de Programador/a e Operador/a de Informática, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente en réxime funcional, con cargo as vacantes incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017, publicada no DOG de 21/06/2018 e modificación no DOG de 12/09/2019, expediente 29567/220. No caso da praza de operador/a de informática, podería ser tamén nomea-



Concello de Vigo

do/a con cargo a vacante incluída na OEP-2018, publicada no DOG de 19 de febreiro de 2019, expte. 31180/220.”

III.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo “ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda de conformidade co informe técnico emitido; á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender ás solicitudes de persoal formuladas, incorporando os efectivos solicitados con cargo a vacante”.

IV.- Segundo informe de verificación das listaxes de reserva, “En canto a praza dun/dunha Operador/a Informático/a, unha vez verificadas a listaxes de reserva vixentes, infórmase que non existen listaxes vixentes na actualidade con persoas en condicións de ser notificadas.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,

a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia da praza vacante, consta unha praza vacante de programador/a informático/a incluída na OEP 2017, en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto segundo dos antecedentes de este informe e anexo ao expediente. O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos será revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomea-



Concello de Vigo

mento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionario/a de carreira en execución da OEP 2017.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (programador/a informático, cód. 98), adscritos ao Servizo de Administración electrónica, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe de Administración Electrónica coa conformidade da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo referido, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de 23 de decembro de 2020, publicado no BOP núm. 248 de 28 de decembro seguinte, dun posto de **Programador/a de Informática, cód. 98**, para o exercicio 2021 e de 43.509,25€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 10.823,93€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 7.815,92€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 15.815,89€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 9.053,51€), significando que o **custe máximo anual para presente ano 2021** sería de **36.257,71€** (dos que **28.713,12 € corresponden a retribucións e, 7.544,59€ a seguridade social a cargo ao empregador**), toda vez habería que imputalo a un máximo de 10 meses, xa que non estaría en condicións de ser nomeado/a ata polo menos o 01 de marzo próximo, xa que os créditos dos dous primeiros meses deste ano xa foron utilizados (ou o serán nunha nova modificación presupostaria), na modificación orzamentaria número 2/2021, expte. 36898/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria da aplicación 920.0.140.0000, por un total de 849.516,28€.”*

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva vixentes neste Concello, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas en canto a praza de Programador/a Informático/a.

*Que verificadas a listaxe indicada, procede o chamamento como Programador de Informática con cargo a praza vacante, a M. A. Iglesias Otero, con dni ***9941**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 29/05/2019, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

En canto a praza dun/dunha Operador/a Informático/a, unha vez verificadas a listaxes de reserva vixentes, infórmase que non existen listaxes vixentes na actualidade con persoas en condicións de ser notificadas.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e conti-



Concello de Vigo

do do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a con cargo a vacante, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto *para o presente ano 2021 de 36.257,71€ (dos que 28.713,12 € corresponden a retribucións e, 7.544,59€ a seguridade social a cargo ao empregador)*, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 10.823,93€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 7.815,92€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 15.815,89€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 9.053,51€).

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a, con cargo á praza vacante da OEP 2017, como Programador informático (cod. 98) a: *M. A. Iglesias Otero, con dni ***9941***, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente dita praza (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), inculda na OEP correspondente ao ano 2017; sendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvólvese no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, a Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo fir-

me, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(205).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO CO “INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES” RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2021. EXPTE. 3743/330.

Visto o informe xurídico de data 22/02/21 e o informe de fiscalización do 09/03/21, dáse conta do informe-proposta do 12/02/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 21 de xaneiro do 2021, o Instituto de Estudos Vigueses presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2021; por este motivo, con data 27 de xaneiro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 37.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

*O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudo estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*

PROGRAMA

- Boletín anual “GLAUCOPIS” Ano XXVI-2021
- Publicación do libro “O Vigo que viron os franceses na Reconquista” de Jorge Lamas, pertencente á colección “Vigo na Memoria”.
- Publicación do libro “Final de trayecto: Cuelgamuros. Pontevedreses en el Valle de los Caídos” de Xoan Carlos C. Abad, pertencente á colección “Vigo na Memoria”.
- Publicación do libro “El arte de cumplir 100 años: en el centenario de la Escuela de Empresariales” de Pilar López.



Concello de Vigo

- Publicación do libro ""Ciclo de de Conferencias "Centenario Pacewizc 1921-2021", octubre de 2020" da autoría conxunta de D. José A. Martín Curty, D. Antonio Giráldez e D José Luis Mateo, pertencente á colección "Vigo na Memoria"
- Publicación do libro "Carmen Laforet en Galicia. Páginas de un tiempo feliz" da autoría de D. Ceferino de Blas
- Publicación do libro "Breve historia del laboratorio municipal de Vigo" da autoría do médico e investigador D. Fernando Domínguez Freire, pertencente á colección "Vigo na Memoria"
- Publicación do libro "Artes y Oficios: Escuela de Artistas" da autoría de Dna. Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, pertencente á colección "Vigo na Memoria"
- Publicación do libro "Breve Historia de Vigo" obra colectiva desenvolvida por varios membros da institución baixo a coordinación de D. Juan Miguel González
- Publicación do libro "A Sociedade de Amigos da Arte de Vigo" (1932-1939) da autoría de D. José Luis Mateo
- Publicación do libro "Escultura pública en Vigo" da autoría de Dna. Mercedes Bangués

Tamén está previsto organizar o "Ciclo Forum 2021", as charlas e conferencias por centros culturais e educativos da contorna, celebración de mesas e coloquios, todo isto en función da situación sanitaria e dentro das limitacións establecidas polas autoridades sanitarias por mor do COVID.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.000 € (trinta e sete mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 37.000 € (100%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o 10 de febreiro do 2021.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Instituto de Estudos Vigueses”, para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Instituto de Estudos Vigueses” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudos Vigueses” ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.01** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 37.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudos Vigueses” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.



Concello de Vigo

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio. polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 37.000 € (trinta e sete mil euros) ao Instituto de Estudos Vigueses, CIF: G-27767524, para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 "INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e o Instituto de Estudos Vigueses que regula o outorgamento da subvención para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2021

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O "INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES". RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2021

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Xoán Carlos Abad Gallego, na súa condición de presidente do "Instituto de Estudos Vigueses" (CIF: G-27767524) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo, 2, 2º, CP 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.01, como subvención nominativa, a favor da **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**, a cantidade de 37.000 euros.*

*IV.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades durante



Concello de Vigo

o exercicio 2021, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.000 € (trinta e sete mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 37.000 € (100%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

- Boletín anual "GLAUCOPIS" Ano XXVI-2021
- Publicación do libro "*O Vigo que viron os franceses na Reconquista*" de Jorge Lamas, pertencente á colección "*Vigo na Memoria*".
- Publicación do libro "*Final de trayecto: Cuelgamuros. Pontevedreses en el Valle de los Caídos*" de Xoan Carlos C. Abad, pertencente á colección "*Vigo na Memoria*".
- Publicación do libro "*El arte de cumplir 100 años: en el centenario de la Escuela de Empresariales*" de Pilar López.
- Publicación do libro "*Ciclo de de Conferencias "Centenario Pacewizc 1921-2021", octubre de 2020"* da autoría conxunta de D. José A. Martín Curty, D. Antonio Giráldez e D José Luis Mateo, pertencente á colección "*Vigo na Memoria*".
- Publicación do libro "*Carmen Laforet en Galicia. Páginas de un tiempo feliz*" da autoría de D. Ceferino de Blas
- Publicación do libro "*Breve historia del laboratorio municipal de Vigo*" da autoría do médico e investigador D. Fernando Domínguez Freire, pertencente á colección "*Vigo na Memoria*".
- Publicación do libro "*Artes y Oficios: Escuela de Artistas*" da autoría de Dna. Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, pertencente á colección "*Vigo na Memoria*".
- Publicación do libro "*Breve Historia de Vigo*" obra colectiva desenvolvida por varios membros da institución baixo a coordinación de D. Juan Miguel González
- Publicación do libro "*A Sociedade de Amigos da Arte de Vigo*" (1932-1939) da autoría de D. José Luis Mateo
- Publicación do libro "*Escultura pública en Vigo*" da autoría de Dna. Mercedes Bangueses

Tamén está previsto organizar o "Ciclo Forum 2021", as charlas e conferencias por centros culturais e educativos da contorna, celebración de mesas e coloquios, todo isto en función da situación sanitaria e dentro das limitacións establecidas polas autoridades sanitarias por mor do COVID.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Carlos Abad Gallego, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
 6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
 7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
 8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes do inicio da actividade obxecto de subvención.
- 10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (37.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA



Concello de Vigo

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Concellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:



Concello de Vigo

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2020 ao 10 de novembro do 2021, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defecuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de

13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2021

INGRESOS:

ACHEGA DO CONCELLO DE VIGO: 37.000 euros

GASTOS:

PRODUCCIÓN CULTURAL (PUBLICACIÓNS): 33.000 euros

GASTOS COMÚNS DE FUNCIONAMIENTO: 4.000 euros

TOTAL GASTOS 37.000 euros

17(206).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE COA FUNDACIÓN CARLOS CASARES”, PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2021. EXPTE. 3757/330.

Visto o informe xurídico do 26/02/21 e o informe de fiscalización do 15/03/21, dáse conta do informe-proposta do 24/02/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 8 de febreiro do 2021, a “Fundación Carlos Casares” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do Programa de Actividades 2021; por este motivo, con data 9 de febreiro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.



Concello de Vigo

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.

PROGRAMACIÓN:

III XORNADAS “VIDEOXOGO E LITERATURA. ”

Data: 10 e 11 de setembro de 2021 en horario de mañá e tarde.(datas provisionais

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

MOSTRA “SORRISOS POR UN MUNDO. CARLOS CASARES E O HUMOR”

Está prevista a súa colocación a partir de abril en centros escolares ou en lugares de exposición similares, cumprindo as normas hixiénico-sanitarias vixentes no momento.

Lugar: Centros educativos, culturais e noutros espazos.

APOIO A CENTROS DE ENSINO DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o segundo semestre do ano (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Principio do Curso Escolar

EXPOSICIÓN “GALICIA ESCANDINAVA. O CAMIÑO OESTE A SANTIAGO DE COMPOSTELA”

Datas: No mes de outubro ou novembro (datas concretas por definir)

Lugar: Algún espazo do Concello (aínda por definir).

A memoria económica, presentada pola FUNDACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 8.200 € (oito mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 € (73,17%)
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 € (26,82%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.

- Declaración doutras axudas.
- Declaración de compromiso de renovación e pagamento da poliza do seguro de responsabilidade civil no momento do vencimento (marzo do 2021)
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 24.02.2021.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” para a organización do seu Programa de Actividades 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Fundación Carlos Casares” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” ten como obxecto financiar a organización do “Programa de Actividades 2021”, figurando na aplicación 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.



Concello de Vigo

A subvención do Concello de Vigo á “ Fundación Carlos Casares” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Á vista do anteriormente exposto e co visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á Fundación Carlos Casares, CIF: G-36907244 para a organización do seu programa de actividades 2021 e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 “Subvención Fundación Carlos Casares”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Programa de Actividades 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ FUNDAÇÃO CARLOS CASARES”, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2021

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Gustavo Adolfo Garrido García, na súa condición de secretario da Fundación Carlos Casares (CIF: G-36907244) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Oporto, 1, CP 36201, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos e a Comisión Executiva da

Fundación Carlos Casares do 08.02.2019 .

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.*

*A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CARLOS CASARES**", como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.07, como subvención nominativa, a favor da "**FUNDACIÓN CARLOS CASARES**" a cantidade de 6.000 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes



Concello de Vigo

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades durante o exercicio 2021, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola FUNDACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de € (oito mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 € (73,17%)
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 € (26,82%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

III XORNADAS “VIDEOXOGO E LITERATURA. ”

Data: 10 e 11 de setembro de 2021 en horario de mañá e tarde.(datas provisionais

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

MOSTRA “SORRISOS POR UN MUNDO. CARLOS CASARES E O HUMOR”

Está prevista a súa colocación a partir de abril en centros escolares ou en lugares de exposición similares, cumprindo as normas hixiénico-sanitarias vixentes no momento.

Lugar: Centros educativos, culturais e noutros espazos.

APOIO A CENTROS DE ENSINO DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o segundo semestre do ano (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Principio do Curso Escolar

EXPOSICIÓN “GALICIA ESCANDINAVA. O CAMIÑO OESTE A SANTIAGO DE COMPOSTELA”

Datas: No mes de outubro ou novembro (datas concretas por definir)

Lugar: Algún espazo do Concello (aínda por definir).

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Garrido García, administrador da entidade.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes do inicio da actividade.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



Concello de Vigo

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente compro-

métese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:



Concello de Vigo

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.
 - Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
 - Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defecuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos

correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideraran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.



Concello de Vigo

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2021

ACTIVIDADES CULTURAIS DA FUNDACION CARLOS CASARES 2021

NO CONCELLO DE VIGO

A) INGRESOS

- Subvención do Concello de Vigo	6.000 €
- Cuotas dos Amigos da Fundación	2.200 €
TOTAL	8.200 €

B) GASTOS

- XERAIS	
o Conferenciantes	1.500 €
o Comisariados e labores técnicos relacionados.....	750 €
o Xestión de exposicións e deseño de elementos....	2.000 €
o Aluguer de servizos técnicos.....	3.450 €
o Gastos de representación e administrativos.....	500 €
TOTAL	8.200 €

18(207).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA "ASOCIACIÓN GALEGA AUDIOVISUAL INCLUSIVA, AGAIN" , PARA O FINANCIAMENTO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INCLUSIVO DE VIGO 2021. EXPTE. 3749/330.

Visto o informe xurídico do 03/03/21 e o informe de fiscalización do 15/03/21, dáse conta do informe-proposta do 25/02/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 28 de xaneiro do 2021, a "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva, Again" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2021; por este motivo, o día 1 de febreiro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2015 que traballa a prol da accesibilidade no cine. O seu evento máis importante é o Festival de Cine Inclusivo de Vigo que naceu no 2015. O Festival de Cine Inclusivo de Vigo traballa por conseguir que o cine sexa unha arte por e para todas as persoas. Malia a curta idade do festival, ano tras ano, amplíase para conseguir o seu obxectivo principal: facer do cinema unha arte inclusiva.

O Festival naceu para chamar a atención sobre a necesidade de eliminar as barreiras visuais, auditivas e físicas para que os espectadores con algunha discapacidade poidan gozar do cinema co resto do público. Así como para visibilizar a realidade da discapacidade a través da pantalla con presentacións, proxeccións, obradoiros e conferencias.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2021:

O Festival de Cine Inclusivo de Vigo celebrarase do 12 ao 16 de outubro de 2021 no Auditorio do Concello de Vigo e no Cine Salesianos. Todas as proxeccións serán offline menos a da sección competitiva de webseries inclusivas que será online a través da páxina web do Festival (www.festivalcinevigo.es).

As seccións competitivas serán as seguintes:

- Sección oficial de longas de ficción
- VIG-IN DOC, documentais internacionais
- SHORT-IN DOC, curtametraxes documentais
- Curtametraxes de ficción
- Webseries inclusivas

As seccións de actividades paralelas serán proxeccións, charlas e conferencias para estudantes de bacharelato(Coñece!);para alumnado da Universidade e centros de imaxe e son; para os máis cativos e para os creadores, con Café con CREA e Charla con AGAG na que os creadores debaterán sobre a necesidade de facer o cinema máis accesible.

En canto ás actividades paralelas dependendo da situación sanitaria serán presenciais ou online, a través de webinars como na pasada edición.

A sección "Coñece!" (para escolas) proxectará a serie de Movistar+, "Los Espabilados". Convidarase a Albert Espinosa a dar unha charla dentro desta actividade.

Proxeccións fóra de concurso

-En canto a proxección fóra de concurso será o filme de ficción "Olvido e León" do director galego Xabier Bermúdez. para facerlle unha homenaxe pola súa carreira da que moitas das



Concello de Vigo

súas obras foron inclusivas. Convidarase ao director Xabier Bermúdez e aos actores do filme, entre eles, a viguesa Marta Larralde.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.773,45 € (vinteún mil setecentos setenta e tres euros con corenta e cinco céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (22,96 %)
- AGADIC. Xunta de Galicia: 6.000 € (27,55%)
- Deputación de Pontevedra: 7.000 € (32,14%)
- Entidades privadas, patrocinadores: 3.773,45 € (17,33%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Declaración responsable de subscribir seguro de responsabilidade civil e de presentar a póliza o recibo de pagamento do dito seguro antes do inicio da actividade.
- Escrito de conformidade co texto do convenio asinado o día 24.02.2021

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "**Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)**" para o financiamento do Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "**Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)**" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021,

como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "**Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)**" ten como obxecto financiar a organización do Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.06** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "**Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)**" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á "**Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)**", CIF: G-27854306, para o financiamento do Festival de Cine Inclusivo a realizar durante o exercicio 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 "CONVENIO FESTIVAL DE CINE INCLUSIVO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival de Cine Inclusivo 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E "A ASOCIACIÓN GALEGA AUDIOVISUAL INCLUSIVA, AGAIN" PARA O FINANCIAMENTO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INCLUSIVO DE VIGO 2021

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Gonzalo Suárez Garayo, na súa condición de presidente da "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva, AGAIN" (CIF: G-27854306) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Venezuela núm.36-3-esquerda, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*1.-Que a **Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2015 que traballa a prol da accesibilidade no cine. O seu evento máis importante é o Festival de Cine Inclusivo de Vigo que naceu no 2015. O Festival de Cine Inclusivo de Vigo traballa por conseguir que o cine sexa unha arte por e para todas as persoas. Malia a curta idade do festival, ano tras ano, amplíase para conseguir o seu obxectivo principal: facer do cinema unha arte inclusiva.*

O Festival naceu para chamar a atención sobre a necesidade de eliminar as barreiras visuais, auditivas e físicas para que os espectadores con algunha discapacidade poidan gozar do cinema

co resto do público. Así como para visibilizar a realidade da discapacidade a través da pantalla con presentacións, proxeccións, obradoiros e conferencias.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)", como medio que é de promover a cultura inclusiva na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.06, como subvención nominativa, a favor da "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)", a cantidade de 5.000 euros.

IV.- Que a "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)" non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización do " Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo " durante o exercicio 2021, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.773,45 € (vinteún mil setecentos setenta e tres euros con corenta e cinco céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (22,96 %)
- AGADIC. Xunta de Galicia: 6.000 € (27,55%)
- Deputación de Pontevedra: 7.000 € (32,14%)
- Entidades privadas, patrocinadores: 3.773,45 € (17,33%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O Festival de Cine Inclusivo de Vigo celebrarase do 12 ao 16 de outubro de 2021 no Auditorio do Concello de Vigo e no Cine Salesianos. Todas as proxeccións serán offline menos a da sección



Concello de Vigo

competitiva de webseries inclusivas que será online a través da páxina web do Festival (www.festivalcinevigo.es).

As seccións competitivas serán as seguintes:

- Sección oficial de longas de ficción
- VIG-IN DOC, documentais internacionais
- SHORT-IN DOC, curtametraxes documentais
- Curtametraxes de ficción
- Webseries inclusivas

As seccións de actividades paralelas serán proxeccións, charlas e conferencias para estudantes de bacharelato (Coñece!); para alumnado da Universidade e centros de imaxe e son; para os máis cativos e para os creadores, con Café con CREA e Charla con AGAG na que os creadores debaterán sobre a necesidade de facer o cinema máis accesible.

En canto ás actividades paralelas dependendo da situación sanitaria serán presenciais ou online, a través de webinars como na pasada edición.

A sección "Coñece!" (para escolas) proxectará a serie de Movistar+, "Los Espabilados". Convidarase a Albert Espinosa a dar unha charla dentro desta actividade.

Proxeccións fóra de concurso

-En canto a proxección fóra de concurso será o filme de ficción "Olvido e León" do director galego Xabier Bermúdez. para facerlle unha homenaxe pola súa carreira da que moitas das súas obras foron inclusivas. Convidarase ao director Xabier Bermúdez e aos actores do filme, entre eles, a viguesa Marta Larralde.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gonzalo Suárez Garayo, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes do inicio da actividade obxecto de subvención.

10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a



Concello de Vigo

súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras

linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.



Concello de Vigo

4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
5. Reportaxe fotográfica.
 - Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defecuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica



Concello de Vigo

3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2021

Orzamento detallado e totalizado da actividade obxecto da subvención

Proveedor	Concepto	Importe	Importe con IVE
A. Gastos de difusión e publicidade		2380 €	1.573,00€
B. Alugar sala	Cine Salesano venres 15 de outubro	650€	706,50€
C. Servizos técnicos			
Entresigrao	Intérprete lingua xleza (2 xorrados) e mochilas vibratorias	750	907,5
Ciberclasa	Estudo con técnico e locutor para a gravación das audiodescricións	1200	1540,8
Productora Islandia	Making of	1260	1524,6
Trailer	Trailer	300	363
A Movida	Técnico de prensa, fotografía	800	960
A Movida	Redes Sociais	400	404
Solmasle Ibertas	Presentacionista	400	500,8
Acomodadores	Acomodadores (con Seguridade Social)	820,59	820,59
MARCO	Técnico para rolda de prensa	100	121
Cristina Martínez	Presentadora Gala entrega premios	500	605
Técnicos/ de produción	Organización nas semanas previas	2500	2500
Doas Asoiros	Informe económico del Festival	297	359,37
Q=mas ve	Trailer das seccións oficiais	500	605
Almacenamento da web do Festival	iWave	79,8	96,55
Cambios na web do Festival	Darwin & me	125	151,25
TOTAL		10.192,19 €	11.653,45€
D. Xestión de películas			
MIRW	Envíos e recepción de copias	220	266,2
Proveedores varios	Soportes (Blu-ray, discos duros)	530	641,3
Academia galega do Audiovisual	Conta de socios para visionado de obras audiovisuais	150	150
Dereitos de proxección de filmes		500	605
TOTAL		1.400 €	1662,50 €
E. Subtitulado			
Helena Fernández Calderón	Subtitulado curtametraxes	500 €	605,00€
F. Premios e galardóns oficiais			
Mellor curtametraxe	Premio do xurado	500	500
Mellor curtametraxe	Premio do público	200	200
Mellor dirección de curtametraxe		200	200
Mellor guión de curtametraxe		200	200
Mellor documental	Premio do xurado	800	800
Mellor curtametraxe documental	Premio do xurado	300	300
Mellor webserie	Premio do público	300	300
Mellor película	Premio do xurado	800	800
Selpol	Placas estatufias	12,4	15
TOTAL		3.372,5€	3.315,00 €
G. Gastos de viaxes e aloxamentos			
Varios provedores	Aloxamento, transporte, manutención	1000 €	1210,00 €
H. Outros gastos			
	Potocopias, pirólina, teléfonos, gasolinas	800 €	968,00 €
TOTAL		19.154,89 €	21.773,45 €



Concello de Vigo

19(208).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E O ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAL E INTERNACIONAIS. EXPTE. 671/441.

Visto o informe xurídico do 10/03/21 e o informe de fiscalización do 12/03/21, dáse conta do informe-proposta do 05/03/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- A actuación do goberno da cidade de Vigo nestes últimos anos ven consolidando un novo modelo de Cidade a través dunha acción transversal, que se visualiza nunha GRAN TRANSFORMACIÓN URBANA DA CIDADE DE VIGO.

Neste reto asumido polas cidades, atopámonos cun recoñecemento internacional sobre a gran importancia que teñen hoxe en día as accións dos gobernos locais. Así un dos pilares fundamentais para o desenvolvemento dos grandes retos globais nos ámbitos social, medioambiental, cultural, económico, tecnolóxico, etc., se enmarcan hoxe en día dende a perspectiva Europea e Española no “ámbito urbano”, establecendo como referencia a actuacións das administracións locais.

O Goberno de España, ten establecido como unha actuación prioritaria o desenvolvemento de accións encamiñadas o cumprimento dos obxectivos establecidos na AXENDA 2030, a cal busca lograr un mundo mais sostible para o ano 2030, e define para dito camiño 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible “17 ODS”.

Para garantir a consecución dos “ODS”, España se suma as accións desenvoltas por “Nacións Unidas” e a “Unión Europea”, co desenvolvemento da “AXENDA URBANA ESPAÑOLA”, coa idea de contribuír con ela, á xeración de Axendas dentro do noso contexto territorial e, fundamentalmente, no ámbito local, que é onde os problemas cotiáns da xente vívense con maior proximidade e inmediatez, e como tal, e no lugar onde se desenvolven as competencias do ámbito da Administración Pública máis directamente relacionado coas políticas de carácter urbano.

Neste novo contexto, o Concello de Vigo ven participando dende fai tempo en distintos programas cofinanciados pola Unión Europea, e neste ultimo período 2014/2020, podemos destacar entre outros, o proxecto da “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado VIGO VERTICAL”, cofinanciado a través del Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A estratexia da Comisión Europea para o novo ciclo 2021/2027, mantén o posicionamento das cidades como espazos estratéxicos para o desenvolvemento e implantación das políticas de desenvolvemento urbano sostible, tendo en conta a incidencia directa na vida diaria da cidadanía, polo cal dende o Goberno do Concello de Vigo enténdese como eixo estratéxico a preparación, planificación e desenvolvemento de plans de accións

encamiñados o cumprimento das políticas Europeas en relación o ámbito urbano, polo cal e moi importante poder contar cun servizo externo especializado no ámbito dos distintos programas de financiación Europea e outras convocatorias complementarias.

As vantaxes que aporta para o Concello de Vigo o desenvolvemento destes proxectos son sempre moi importantes xa que ademais de aportar vías de cofinanciación para o desenvolvemento dos proxectos da Cidade de Vigo, posibilitará un intercambio do coñecemento avanzado en determinadas materias de gran interese para a Cidade, así como mellorar o posicionamento da Cidade en relación os diversos programas de actuación da Unión Europea.

2º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 2 de outubro de 2020, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Xefe da Área de Inversións , ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Xefe da Área de Inversións en data 2 de outubro de 2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 2.10.2020.
- c) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, polo Xefe da Área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 10.11.2020.
- d) Certificado de crédito RC/FUT nº 202000067820 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Inversións en data 25.11.2020.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 24.02.2021.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.02.2021.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.02.2021.
- i) Dilixencia da Intervención Xeral para corrección do PCAP.
- j) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola pola Xefa do Servizo de Contratación en data 04.03.2021.



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 da LCSP, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos **SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E O ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAL E INTERNACIONAIS**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Inversións en data 25.11.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contrata en data 04.03.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS SESENTA E UN MIL EUROS” (261.000,00 €)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 45.297,52 €**.

Por ter o financiamento carácter plurianual aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.227.06.02 “Asistencias e traballos técnicos”, de acordo coas seguintes anualidades:

2021	87.000,00 €
2022	87.000,00 €
2023	87.000,00 €
TOTAL	261.000,00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(209).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN DE VIGO CONVENTION BUREAU PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2021. EXPTE. 7813/104.

Visto o informe xurídico do 01/03/21 e o informe de fiscalización do 08/03/21, dáse conta do informe-proposta do 26/02/21, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 4 de xaneiro de 2021 a Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2021. Así mesmo, achega o Plan de actuación e orzamento 2021 e a certificación de non débedas co Concello de Vigo, certificación de non débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e con Facenda, así como a certificación da conta bancaria, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

O obxecto do expediente correspóndese con materias de competencia propia atribuída a Entidade Local. De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro,



Concello de Vigo

de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2021 (Nº de documento 210000549) .

Tamén consta:

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Número de conta bancaria
- Plan de actuación 2021.

Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2021 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 19 de decembro de 2019.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB.-

Ata o ano 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á FVCB víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; a partires do pasado exercicio económico 2016, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación VCB pasouse a realizar a través dunha transferencia de financiamento.

Esta fórmula de financiamento substituíu á subvención nominativa, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral de datas 28 de xaneiro 2016, 16 de marzo 2016 e 5 de maio de 2016.

A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicacións achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pa-



Concello de Vigo

gamentos. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade da FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

As fundacións do sector público estatal definidas na Lei de Fundacións forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria.

A FVCB é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico.

Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de acordo a Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2021 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

O Decreto de delegación da Alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude, entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión de uso da oficina sita en Cánovas del Castillo, 3, Of. 4, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa FVCB.

XESTION DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO NO ANO 2020

Con data 30.01.2020 a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria, acordou concederlle a transferencia ordinaria de financiamento á FVCB do ano 2020, por importe de 200.000€. (Expte 7614-104).

Con data 15.12.2020 a FVCB, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a terceira memoria parcial xustificativa de actuación e xustificación económica da transferencia durante o ano 2020. Examinadas a xustificacións achegadas e unha vez executados os pagos de acordo co disposto na cláusula primeira por un importe total de 200.000€ a FVCB presenta a xustificación económica final por un total de 168.666,24€ restando por executar o importe de 31.333,76€.

Con data 04.02.21 se inicia expediente Nº 7839-104 "Conta xustificativa da Transferencia ordinaria á FVCB do ano 2020", cuxo obxecto é a regulación dos gastos do ano 2020, consi-

derándose gastos xustificadas pola FVCB un importe total de 168.666,24 e como consecuencia a FVCB deberá reintegrar ou compensar ao Concello a cantidade de 31.333,76€.

Con data 05.02.21 se notifica á FVCB os extremos contidos no informe para que en prazo de dez días presente alegacións.

Con data 09.02.21 a FVCB presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo no que fai constar a non presentación de alegacións e solicita a compensación do saldo negativo da transferencia ordinaria correspondente ao ano 2020 mediante desconto na achega municipal a transferir do ano 2021.

En consecuencia, con data 09.02.2021a xefatura do servizo emite informe no que se propón: "Reintegrar ao Concello de Vigo a cantidade de 31.333,76€, mediante a minorización na achega municipal na transferencia ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2021".

Por todo o antedito e coas conformidades da Concelleira delegada da área de Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.-Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 200.000€ (dous centos mil euros), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

3.Primeiro pago de 100.000€, ingresado tralo acordo da Xunta de Goberno Local. Do primeiro pago deducirase o importe de 31.333,76€ correspondente a cantidade non xustificada na transferencia de financiamento realizada no ano 2020, (Expte 7614-104).

4.Segundo pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de xuño do 2021.

5.Terceiro pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de outubro do 2021.

2.-A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 "Aportación Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.-A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.-

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.-

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".



Concello de Vigo

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

- 1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 4 de xaneiro de 2021, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio presupostario.
- 2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.
- 3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.
- 4.- Colaborar co Concello de Vigo–Servizo de Turismo de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.
- 5.- Comunicar ao Concello de Vigo-Servizo de Turismo de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

- 1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.
- 2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN.

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2021.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todas as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Turismo do Concello de Vigo e posicionarse en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira delegada da área de Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB.

A FVCB achegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de outubro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(210).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO AO IFEVI PARA DAR CUMPRIMENTO Á LEI DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS. EXPTE 7845/104.

Visto o informe xurídico do 04/03/21 e o informe de fiscalización do 15/03/21, dáse conta do informe-proposta do 03/03/21, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu artigo 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Así mesmo, en virtude de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019, en relación coa delegación de competencias do alcalde da mesma data 18/06/2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020 e Resolución de alcaldía de modificación de competencias en concelleiros/as de área de data 5 de novembro de 2020, nas competencias municipais en materia de turismo no relativo á coordinación e dirección do turismo MICE municipal corresponderanlle a dirección da política municipal no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI).

A Fundación Instituto Ferial de Vigo -IFEVI- é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución. A Fundación inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para que foi creada, con suxeición o establecido no ordeamento xurídico. Asemade consta no inventario da Secretaria General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administraciones Públicas como Fundación (Código de ente 11-00-046-H-H-000).

A Fundación rexerese pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego en todo aquilo que non se opoña a lei anterior, ou no seu caso polas disposicións que as substitúan; entre elas, o Regulamento de Fundacións de Interese Galego aprobado polo Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro e o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego aprobado por el Decreto 15/2009 de 21 de xaneiro; pola vontade do fundador, polos presentes estatutos, e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado. Ase mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

A Fundación IFEVI ten como fins a promoción de actividades comerciais, industriais, agro industriais, sociais, educacionais, culturais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de todo os

sectores da actividade económica, contribuíndo con isto a elevación do nivel de vida do media urbano e rural.

Tal e como se recolle no artigo 5º dos seus estatutos, son membros fundadores aqueles que constitúen e crean a fundación. Constitúen e crean a fundación, e por tanto son fundadores:

A Xunta de Galicia.

A Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello de Vigo.

A Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra.

A Cámara de Comercio, industria e Navegación de Vigo.

A Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.

Son membros adheridos aqueles que se incorporen a esta con posterioridade ó outorgamento da Carta Fundacional e que sexan aceptados polo padroado nas circunstancias esixidas.

De acordo co artigo 36º dos Estatutos do IFEVI, o Patrimonio da fundación esta integrado por toda clase de bens, dereitos e accións, sen mais limitacións que as establecidas polas leis e concretamente pola dotación inicial e demais recursos que procederán entre outros, das achegas ordinarias ou extraordinarias dos seus integrantes que estableza o padroado.

Neste senso, o Padroado do IFEVI en sesión de data 28.01.2018 respecto ao punto terceiro da orde do día relativo a adaptación do recinto á nova Lei de seguridade contra incendios do pavillón adoptou o seguinte acordo

1. Aprobar o proxecto que define as actuacións a realizar no pavillón 3 do recinto ferial para adecualo á normativa de protección contra incendios, cun presuposto máximo de execución de 227.000€.

2. Aprobala financiación desta actuación mediante aportacións dos membros da Fundación na porcentaxe da súa participación, tal como consta na parte expositiva do acordo.

3. Aceptar a aportación pola Xunta de Galicia por importe de 140.326,60€, como parte da cantidade que lle corresponde aportar.

4. A aportación correspondente ó resto dos membros da Fundación queda supeditada á aprobación dos órganos competentes das respectivas entidades.

5. Comunicados os compromisos de aportación polas entidades membros da Fundación, procederase á licitación pública para a contratación destas actuacións.

Segundo dito acordo corresponde ao Concello de Vigo a achega do 8,64% do importe da actuación, é dicir, 19.612,80 euros.

En data 1 de marzo de 2021 o Instituto Feiral de Vigo dirixe, ao Concello de Vigo, escrito no que solicita o ingreso da achega correspondente a súa entidade acordado na reunión do Padroado no Instituto Feiral de Vigo de 28 de xaneiro de 2016 polo importe de 19.612,80€ e aportan o "Proxecto de adecuación e mellora da dotación de seguridade contra incendios do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) pavillón 3 e Central Hídrica Contra Incendios"

Neste senso no orzamento municipal do ano 2021 consta na aplicación orzamentaria 4320 4800001 "Achega para dar cumprimento a Lei de seguridade IFEVI" por importe de 19.612,80€. polo exposto de conformidade co sinalado no artigo 173.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales procede abonar ao Instituto Feiral de Vigo o importe 19.612,80€ en concepto de "adaptación do recinto do IFEVI, pavillón 3 á Lei de Seguridade contra Incendios"



Concello de Vigo

E por isto polo que se somete a Xunta de Goberno local como órgano competente para aprobación do gasto segundo o artigo 127.1.g) da LRBRL o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Transferir á FUNDACIÓN INSTITUTO FERIAL DE VIGO -IFEVI- o importe de 19.612,80€ para “DAR CUMPRIMENTO Á ADAPTACIÓN DO RECINTO Á LEI DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS”

SEGUNDO.- Autorizar un gasto por importe de 19.612,80€ (dezanove mil seiscientos doce con oitenta euros), en concepto do estipulado Na transferencia, que se aboará á Fundación Instituto Feiral de Vigo, CIF G36845832, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800001 “Achega para dar cumprimento a Lei de Seguridade, IFEVI” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ÁREAS E ELEMENTOS DOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, PISTAS DEPORTIVAS E INSTALACIÓNS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19. Expte. 48804/446.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDUREMTO ABERTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ". Expte. 774/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.01.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(211).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ÁREAS E ELEMENTOS DOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, PISTAS DEPORTIVAS E INSTALACIÓNS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19. Expte. 48804/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 17/03/21 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do data 03/03/21 asinado pola adxunta oa xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 2 de decembro de 2020, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *Servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalación de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19* (expte. 48804/446).
- 2.- En data 10 de febreiro de 2021, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais a memoria económica (MEC).
- 3.- En data 11 de febreiro de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo, emite documento económico de retención de crédito RC 202100009688, por importe de 99.944,51€.
- 4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e os seus Anexos (1 “Relación de parques infantís”, 2 “Relación de áreas biosaudables” e 3 “Relación de áreas deportivas”), de data 24 de febreiro de 2021, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais.
- 5.- A Memoria xustificativa, de data 25 de febreiro de 2021, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, de data 25 de febreiro de 2021.
- 6.- En data 1 de marzo de 2021, a técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.



Concello de Vigo

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación en data 1 de marzo de 2021.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais acorda iniciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos e, en concreto, de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de servizo de **LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ÁREAS E ELEMENTOS DOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, PISTAS DEPORTIVAS E INSTALACIÓNS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19**, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 24 de febreiro de 2021 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 1 de marzo de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 99.944,51€, que inclúe un IVE de 9.085,86€ , o cal se imputará á partida 1710.2279903 “Desinfección de parques infantís e control de aforo COVID”, do vixente orzamento 2021.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

23(212).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ". Expte. 774/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 17/03/21 e informe de fiscalización do 18/03/21, dáse conta do informe-proposta de data 17/03/21 asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4834/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de xaneiro de 2021 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

2º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 21 de xaneiro de 2021 que corresponde co expediente administrativo 4834-443, redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuan e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS CÉNTIMOS (424.248,52 €) e sinatura dixital de data 23.12.2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnico de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 22 de xaneiro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de xaneiro de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 23 de febreiro de 2021.
- E) Certificados de crédito RC REM nº 202100011935 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 2 de marzo de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 9 e 10 de marzo de 2021.

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 10 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 10 de marzo de 2021.
- J) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactado polo Servizo Xestor con data 17.03.2021 rectificando o prazo previsto de execución das obras.
- K) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 17 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.01.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Xustificación da tramitación de urxencia. Consta na memoria elaborada polo servizo xestor para a redacción do PCAP, xustificación da tramitación de urxencia, indicando o seguinte:

“Na contorna da actuación na que se desenvolve o proxecto de instalación dun ascensor entre a Praza da Estación e a Rúa Urzaiz, estanse a desenvolver simultaneamente diversas actuacións, obras do Proxecto Centro Comercial Vialia; Estación de Autobuses; proxecto de accesos (remodelación do enlace do PK 5+000 da AP-9V), proxecto de obras nos espazos intersticiais e proxecto de remodelación da contorna de Rúa baixada á Estación , todas elas executadas por diferentes administracións e operadores no marco do “Convenio de Colaboración, entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad, para a execución e



Concello de Vigo

financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, desde a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal, e resto de vialidade colindante coa mesma”.

Tralo inicio das obras contiguas detectáronse deficiencias estruturais da escaleira existente que fixeron aconsellable optar por facer este novo proxecto para redefinir a comunicación, tratándose por tanto de obras complementarias ás da Praza da Estación, optándose pola tramitación dunha nova licitación para a execución das mesmas

O ámbito de execución da presente obra excede á propia instalación do elemento mecánico e exténdese sobre a Praza da Estación (coa instalación de grúas, acopios, maquinaria, etc...), sendo a Praza o único espazo útil da operativa de cargas e descarga do centro Vialia, Estación de tren e outros servizos (taxis), etc... ocupación que por tanto debe finalizarse antes da posta en funcionamento da Nova Estación no vindeiro mes de setembro.

Deben por tanto executarse as presentes obras de xeito prioritario, xa que condicionan os espazos necesarios das novas operatividades e dos usos do novo edificio da Estación e Centro Comercial, como carga e descarga, debido a que a demora na execución das obras de remodelación do enlace do PK 5+5000 da AP9V iniciadas a finais do ano 2020, debido á falta de aprobación da addenda do Convenio polo Consello de Ministros e cunha duración de 14 meses, o que fan que no momento de finalización das obras do Centro Vialia prevista para finais do verán, o único acceso ao peirao de carga sexa a través da Praza da Estación, converténdose por tanto en condición imprescindible ter rematadas tanto as obras da Praza da Estación, e por ende, o seu acceso mecánico a través do novo ascensor e a ocupación desta obra que o executa.”

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de **“INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ”**, redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portolés Sanjuán e Fco. Javier García-Quijada Romero e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “**CATROCIENTOS VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS CÉNTIMOS**” (424.248,52 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 73.629,91 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.63 “Vigo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialia”, segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	424.248,52 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(213).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretario dou fe.

ME.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez